



Esta revista non poderá ser reproducida, nin total nin parcialmente, calquera que sexa o medio empregado, sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

A Sociedade Liceo non se fai necesariamente responsable das opinións dos seus escritores e colaboradores.

EDITA:

Sociedade Liceo
Alameda, s/n
15200 Noia (A Coruña)
Tfno./Fax: 981 820 535
email: informacion@liceodenoia.com
www.liceodenoia.com

COORDINADOR:

Cándido M. Prego Rajo

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Ramón Carredano Cobas
M^a Antonia Castro Patiño
Pedro García Vidal
A. Ventura González Arufe
Xosé Moas Pazos

ILUSTRACIÓN CAPA E INTERIOR CAPA E

CONTRACAPA:
Alfonso Costa

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:

Rosa M^a Blanco Outón

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN:

Gráficas Sementeira, S.A.
Tfno.: 981 823 855
Fax: 981 821 690
e-mail: sementeira@telefonica.net

DEPÓSITO LEGAL: C-888-2000

Presentación



Desde que esta revista comezou a súa andaina, o Consello de Redacción encomendoume a difícil, mais gratificante tarefa de realizar a presentación de cada número de Alameda, labor este de empregar a pruma, que me aporta unha gran recompensa.

Nesta ocasión a entrañable tarefa resulta máis complicada e difícil, amais de dolorosa, xa que a miña intención é facer unha descrición biográfica dun colaborador e, sobre todo, gran amigo que non tivo tempo a dicirnos que nos deixaba.

Xa sei que son pasos nesta vida que temos que andar, pero un échese de mágoa cando ten que volcalo con tinta sobre un papel. As vivencias, as lembranzas, os momentos... todo regresa de novo con gran vivacidade e presenza, aínda que xa non disfrutemos nunca máis deses momentos compartidos.

Non é a miña intención levar a cabo unha descrición biográfica das túas calidades humanas e doutra índole, pois haberá outros que terán a obriga de facelo, eu tan só quero recordarche amigo Pepe.

Con estas liñas de saúdo ou despedida quero rematar con todo cariño, compañeiro Agrelo.

Xosé Moas Pazos
Presidente

Sumario

| | |
|---|----|
| Axenda | 2 |
| <i>Cándido M. Prego Rajo</i> | |
| Xosé Agrelo e o Liceo | 7 |
| <i>Ramón Carredano Cobas</i> | |
| Xeografía | 12 |
| A vila de Noia ante a posibilidade de inundacións catastróficas | |
| <i>Pedro García Vidal</i> | |
| Historia | 20 |
| 27 de maio 2007: A última batalla electoral no Barbanza | |
| <i>Xerardo AgraFoxo</i> | |
| Pinceladas sanitarias | 27 |
| Sexualidade (II) | |
| <i>Víctor Vez Vilar</i> | |
| A Pepe Agrelo | 31 |
| <i>Ramón Caride</i> | |
| Futbol | 32 |
| Noya S.D.- Tempada 1973/1974 | |
| <i>Ricardo Güeto Sónora</i> | |
| Letras galegas 2006. | |
| Lugrís Freire | 37 |
| <i>X. Pastor Rodríguez Santamaría</i> | |
| Escala en Lourdes | 44 |
| <i>Jaime Pérez Roget</i> | |
| Premio III Concurso de Contos “Liceo de Noia) | |
| Borisov 61..... | 47 |
| <i>Xosé Francisco Pais López</i> | |
| Rianxo é meu..... | 52 |
| <i>X. Ricardo Losada</i> | |
| O premio Leixaprén de recoñecemento á defensa da lingua | 54 |
| <i>Domingo Campos</i> | |
| Ata sempre, vello mestre | 57 |
| <i>Xoán Mariño Reino</i> | |
| O mestre | 59 |
| <i>Pedro García Vidal</i> | |
| Xosé Agrelo: A cultura como compromiso, a palabra como arma de seducción | 61 |
| <i>Xerardo AgraFoxo</i> | |
| Motu proprio | 67 |
| <i>Xabier A. Olariaga</i> | |
| Xosé Agrelo: Da estirpe prometeica | 68 |
| <i>Eva Veiga</i> | |
| Carta a Pepe Agrelo | 69 |
| <i>Manolo Caamaño</i> | |
| Os nosos libros | 72 |
| <i>Xerardo AgraFoxo</i> | |




Cándido M. Prego Rajo

Axenda

Novo premio para un membro da Sociedade Liceo de Noia, esta vez da Escola de Gravado Alfonso Costa, unha máis. Nesta ocasión foi para **Ana Romero Freire** o 1º Premio do IV Certame “Lucus Augusti” para a mocidade creativa, pola obra “*Son do Mar, Son da Terra*”, na modalidade de Pintura categoría B, que lle foi entregado pola concelleira de Xuventude do Concello de Lugo o día 28 de agosto de 2006.

Novo premio e nova ledicia para todos os que compoñemos esta grande familia que é a Sociedade Liceo, e que vemos como a súa obra cultural se espalla por toda Galicia e polo resto de España.

¡Noraboa! a esta avantaxada alumna da Escola de Gravado, e a todos os que de calquera xeito –cultural, deportivo, musical, folclórico, etc.– levaron, levan e levarán o nome do Liceo de Noia polo mundo adiante, fachendeando delo.



ANA ROMERO FREIRE



E agora unha noticia curiosa. O que en principio ía ser unha fonte máis ou menos decorada, por certo magnífica e acertada idea do noso presidente, foise convertendo pouco a pouco nun acuario onde foron parar peixes e tartarugas que ata entón se encontraban prisioneiros en pequenos reductos caseiros, e que agora campan á vontade neste improvisado estanque. Na solta participaron, entre outros, José da cafetería, “O Chó”, Pepe Conde, Vitorio, Segundo Amar, Adolfo M. Caamaño, Félix G. Tuñas, a propia directiva. Pero o primeiro gran sapoconcho con máis de 20 anos de idade, foi doado pola socia Tamar Pérez, que acompañada por Pilar Morales e outros amigos fíxolle entrega do mesmo ao Secretario da Sociedade Sr. Prego, procedendo ela mesma á “botadura” do sapoconcho. Reproducimos a reportaxe gráfica do acto.

Por certo que algún desaprensivo foise “apoderando” das tartarugas máis grandes, non sabemos con qué obxecto, e agora mesmo soamente queda unha.

De paso queremos agradecerlle a José da Cafetería a súa dedicación como “coidador” desta “fauna mariña”.



O domingo 22 de outubro, celebrouse no salón de actos un Torneo da International Taekwondo Federation (ITF), para ultimar a súa preparación de cara á participación na Copa do Mundo. A selección nacional da FITE conta entre os seus compoñentes co noies Sergio Mainero, monitor da sección de Taekwondo da Sociedade Liceo.



O grupo de gaitas “A Subela” do Liceo, participou no XXXIX Concurso de Gaitas que se celebrou en Pontearreas (Pontevedra) o día 23 de setembro último, clasificándose entre os dez primeiros, de 17 participantes.





O 29 de setembro na cafetería da Sociedade, que rexenta con grande profesionalidade o noiés José Rodríguez Agulleiro, “José” para todos nós, celebrouse o sorteo dun televisor de “plasma” 42 polgadas, entre os clientes da mesma. A afortunada foi a socia M^a Carmen Pena Moreira.



JOSÉ E O SEU FILLO CARLOS CON MAMEN, GAÑADORA DO TELEVISOR



O 30 de setembro tivo lugar o acto de entrega do Premio do III CONCURSO DE CONTOS LICEO DE NOIA, que nesta ocasión foi compartido polo noiés **Xosé Francisco Pais López** con “*Borisov 61*” e o rianxeiro **Ricardo Losada** con “*Rianxo é meu*”. O acto estivo presidido por Xosé Moas Pazos, presidente do Liceo, e o xurado integrado polos escritores Olga Patiño, Ramón Caride e Xosé Agrelo, actuando como secretario o directivo da sociedade, Ramón Carredano que leu a acta de concesión. O sr. Pais López recolleu o premio persoalmente, non así o Sr. Losada que excusou a súa asistencia delegando no seu amigo e colaborador de “*Alameda*”, Pedro G. Vidal para recoller o premio.

O acto estivo amenizado magnificamente coa música e cancións do Grupo Galego “A Subela” do Liceo.

E para cumprimentar a base 6^a da convocatoria do Concurso de Contos, publicamos neste número de “*Alameda*” as obras premiadas.



O SEGUNDO POLA DEREITA É XOSÉ F. PAIS LÓPEZ, UN DOS GAÑADORES DO CERTAME DE CONTOS 2006



Edicións Xerais presentou o venres 27 de outubro na Casa da Cultura “Avilés de Taramancos” de Noia, o libro “*O tesouro da lagoa de Reid’Is*”, obra coa que o noiés Agustín Agra Barreiro, acadou este ano o premio máis veterano dos que se convocan en Galicia, o Merlín de Literatura Infantil, noticia da que xa demos coñecemento no número anterior.

Na presentación o alcalde de Noia, sr. Insua agradeceu que se elixira esta vila para presentar este evento cultural.

Ramón Carredano, gañador do Merlín do ano pasado, calificou o vocabulario empregado por Agustín, como fermoso, para construír unha historia que definiu como “un libro infantil para maiores”.



AGUSTÍN AGRA, PRESENTOU O SEU PREMIO MERLÍN 2006. AQUÍ APARECE CON CARREDANO, GAÑADOR DO MESMO NO 2005.

O director de Xerais, Manuel Bragado, puxo énfase no potencial creativo de Noia e subliñou que “*Unha branca de cobre para Martiño*”, obra coa que Carredano gañou o Merlín do ano pasado, vai pola 4ª edición, algo non moi frecuente. Da obra de Agustín Agra salientou a súa estrutura como relato, a reinvención de persoaxes reais, a beleza da súa prosa e a sonoridade da súa lingua.

O autor confesou unha vez máis, que descoñecía os motivos que o levan a escribir e sinalou como “culpables” de incitalo a crear a Xerardo Agrafoxo, Lola Arxóns e Antón Riveiro.



Aínda non superamos o forte impacto que nos causou o falecemento do membro fundador do consello de redacción e colaborador da revista “Alameda”, e grande amigo, Xosé Agrelo Hermo, acontecida o 21 de novembro último.


A prensa fíxose eco amplamente da nova, así “La Voz de Galicia” na páxina 4L, titula “**A morte de Agrelo priva a Barbanza dun resorte cultural**”, e Sara Ares engade na súa crónica: ... “*Coa súa morte, Barbanza, e*

por extensión Galicia, perde a un peso pesado da cultura, un persoeiro que se distinguíu sempre pola súa intensa actividade creativa e polo seu compromiso social”...

El Correo Gallego na páxina 76-Cultura, titula: “**Morre o editor e escritor noiés Xosé Agrelo Hermo**”, e o cronista di, entre outros datos biográficos: ... “*Simultaneamente á súa dedicación ao mundo do ensino, iniciou na década dos 60 unha intensa relación co mundo do teatro, onde desenvolveu o seu labor de autor, actor, director e promotor de grupos de teatro infantil e de adultos. Na súa ampla traxectoria como autor recibiu, ademais, diversos premios pola súa obra teatral e narrativa. Escribiu obras de ensaio biográfico, recensións históricas e outros materiais, ademais de desempeñar, dende 1988, o posto de director da Editorial Toxosoutos. No terreo social, viviu intensamente e defendeu con vehemencia*



ENTERRO DE XOSÉ AGRELO NO CEMITERIO DE SANTA CRISTINA DE BARRO



XOSÉ AGRELO HERMO

“IN MEMORIAM”

O CONSELLO DE REDACCIÓN E COLABORADORES
DA REVISTA “ALAMEDA” DA SOCIEDADE LICEO DE
NOIA.

Noia, 22 de novembro de 2006

*os problemas de Galicia dende a súa militancia no nacionalismo...” O mesmo xornal publica en artigo de Opinión, páx.5, o seguinte: “A Xosé Agrelo.- Ayer el mundo cultural gallego se puso de luto con la triste noticia de la muerte del editor y escritor noiés **Xosé Agrelo**, director de Toxosoutos, un emprendedor de altura, entrañable y conciliador. Un carácter heredado de sus años de docencia en diversos colegios públicos hasta 2002. Comprometido con el gallego, amó el teatro que también cultivó. Le echaremos de menos”.*

Ambos os dous diarios publican unha esquela dos seus compañeiros de Editorial Toxosoutos, coa seguinte estrofa:

“Meu querido Mestre: Quero que chegue a ti todo o meu sentimento e todo o meu vigor para aplaudir máis forte que ninguén, e poñer a miña ponla de carballo na coroa que mereces”.

(Avilés de Taramancos, 1992)

Ó día seguinte “La Voz de Galicia” en portada de “Barbanza”, titula “**Agre-**

lo Hermo recibiu sepultura en Noia”, e na páx. L8 “**Centos de persoas despediron en Noia ao escritor e profesor Xosé Agrelo Hermo**”. A. Lema, na súa crónica resalta que a igrexa de San Martiño enchéuse de xente durante o funeral, que oficiaron nove sacerdotes, encontrándose entre os asistentes os alcaldes de Noia, Lousame, Boiro e Carnota; o director xeral de Creación e Difusión Cultural, Xosé Luis Bará; e o parlamentario Xaquín Fernández Leiceaga, os escritores Euloxio Ruibal, Bieito Iglesias, Aurora Marco e Manuel Caamaño, os actores Xosé Manuel Olveira e Miguel de Lira, editores, catedráticos e outros persoeiros. A Mesa pola Normalización Lingüística fixo público un comunicado para sumarse ao loito pola morte do que foi un dos seus fundadores.

A Xunta Directiva do Liceo co seu presidente á cabeza, así como o consello de redación da Revista Alameda e colaboradores da mesma, acompañamos tamén a súa viúva Solita, fillos e máis familia ao funeral e enterro, expresándolles o noso máis sentido pesar persoalmente, e a través da esquela que reproducimos publicada en *El Correo Gallego*.

Descanse en paz o mestre, compañeiro e, sobre todo, amigo entrañable “**PEPE AGRELO**”, que nos deixa a todos un pouco “orfos”, e cun oco insustituíble.



Ramón Carredano Cobas

Xosé Agrelo e o Liceo

*A las aladas almas de las rosas
Del almendro de nata te requiero
Que tenemos que hablar de muchas cosas
Compañero del alma, compañero.*

Difícilmente pode repetirse unha figura como a de Pepe Agrelo. É un deses homes que deixan no seu camiñar pola vida unha pegada tan fonda e tan senlleira, que nin o paso do tempo será quen de borrar. Porque as persoas que adican a súa vida a traballar en prol da comunidade, poñendo nese traballo cantidades inxentes de ilusión e enerxía, ou esa comunidade é moi ingrata, ou ben son sempre recordadas por ela.

Eu sempre lembro a Pepe Agrelo encerellado nalgún proxecto, que el emprendía con ilusión de adolescente. A súa continua inqueda levouno a figurar en todos os eidos cos que dalgún xeito intentou dinamizar a vida da vila de Noia, e na última etapa da súa vida, tamén de Esteiro onde tiña a súa residencia.

As miñas primeiras lembranzas de Agrelo remóntanse a principios dos anos sesenta, cando el era o meu profesor de bacharelato na Academia Balmes, e xa nas instalacións de Radio



ESTREO DE "PANCHO DE RÁBADE". SOCIEDADE LICEO, 17-05-1974.

GRUPO DE TEATRO
"CANDEA"

do Liceo

PRESENTA:

"METÁ E METÁ"

de X. AGRELO

Luns 5 de Xaneiro, 1976

10 da noite



O GRUPO DE TEATRO

"Candea"

DA SOCIEDADE LICEO DE NOIA

PRESENTA:

"NOITE DE LOBOS"

OBRA ORIXINAL DE

XOSE AGRELO HERMO

Sábado, 26 de Abril Domingo, 27 de Abril

As 10 da noite

As 8'30 da tarde

Noia, Emisora del Instituto Laboral, formaba parte do cadro de actores da emisora, que emitía "Voces en el Aire", un programa ao estilo dos populares seriales emitidos polas emisoras de rango nacional, colaborando tamén como guionista. Deste cadro de actores, saíu o grupo de Teatro "Talía", dirixido por Guillermo García Iglesias, e do que Agrelo formaba parte como actor, e máis tarde como director. Este grupo



HOMENAXE A ANTÓN AVILÉS NO 10º ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO




O NOSO PRESIDENTE X. MOAS CON PEPE AGRELO E O FILLO MAIOR DE AVILÉS, SANTIAGO.

puxo en escena varias comedias de Tono e Llopis, entre outros, como *Francisca Alegre y Ole*, *Nosotros, ellas y el duende*, *De seis a ocho asesinar a López*, etc.

O seu labor no C.I.T. (Centro de Iniciativas Turísticas), levouno a organizar, cando os festivais da canción facían estragos, o Festival da Canción do Tambre, e o Trofeo do Viño. No ámbito teatral, unha das súas grandes pasións, foi actor, director e autor en diversos grupos e en varias obras. Conferenciante, articulista de prensa, autor de novelas, relatos e contos infatís, político, e ultimamente director da editorial Toxosoutos.

Estou completamente seguro de que se me esquecen máis de unha e máis de dúas actividades de Pepe Agrelo, pero este artigo está máis que nada adicado á súa relación coa Sociedade Liceo. Artigo que tamén, dado o inesperado da súa morte e a inmediata saída da revista, dificulta unha investigación en profundidade da súa relación coa sociedade.



POSTA EN ESCENA DE "METÁ E METÁ"



PRESENTACIÓN DA REVISTA "ALAMEDA" EN MAIO DE 2000

A relación máis directa de Agrelo coa Sociedade Liceo, seguramente se inicia no ano 1973 cando, sendo presidente D. José Luis Rodríguez Hermo, se fai cargo do posto de bibliotecario modernizando a relación de revistas que se adquirían para a biblioteca.

Xunto co autor deste artigo, tamén naquel intre directivo da sociedade, decide formar un grupo de teatro na Sociedade, e así en xullo de 1973, ponse en escena a *Farsa de Micomicón e Adhelala*, da autoría de Blanco Amor, baixo a súa dirección, con montaxe de Pepé Pastoriza, e coa actuación dos actores Dora Romero, Ramón Carredano, Teresa Martínez, Tono Calvo e Xosé Luís Hermida. Coido que era a primeira vez que se facía teatro en galego nos locais da Sociedade, e o éxito foi indescribible nun salón de actos ateigado de xente.

Axiña comezaron os ensaios de outra obra: "Escuadra hacia la muerte", poñendo a data para a súa estrea: o día trece de outubro dese mesmo ano. Dudando do permiso gubernamental para a posta en escena da citada obra, tra-

Grupo CANDEA DO LICEO

PON EN ESCENA, O 17 DE MAIO
AS 10 DA NOITE,

"PANCHO DE RABADE"

Autor: ALVARO DAS CASAS



XENTES

| | |
|------------------------|---------------------|
| Pancho de Rábade . | Xoan M. Fernández |
| Antón Pitorrín | Ramón Carredano |
| A Vella | Esther Giance |
| Jumersinda López . | Narda Romero |
| O neno Delmiro . . . | Ramón Hermo |
| O Mozo | Antón Calvo |
| Rosa de Láncara . . | M.ª Dolores Arjones |

DIRECCION:
XOSE AGRELO HERMO

O Grupo de Teatro «CANDEA»

presenta

“REXURDIMENTO”

Drama en dous cuadros orixinal de:
Leandro Carré Alvarellos
(da Real Academia Galega)


- REPARTO -

| | |
|--------------------|---------------------|
| ANTONA | M.ª Dolores Arjones |
| CONSUELO | Narda Romero |
| ANDRES | X. Manuel Fernández |
| XACOBE | Ramón Carredano |
| GOROS | Antonio Calvo |

DIRECTOR: X. Agrelo



POSTA EN ESCENA DE "NOITE DE LOBOS" EN BEADE (VIGO), 15-11-75



PRESENTANDO "OS VELLOX NON DEBEN DE NAMORARSE" CO GRUPO DE TEATRO DO LICEO DE NOIA, 28-08-2000

Coa intención de acudir á Mostra de Teatro Galego de Ribadavia, ensaia "Pancho de Rábade", e ponlle nome ao grupo: "Candea"

Nas actas da Sociedade, figura a seguinte anotación: "Envío do escrito ao Ilustrísimo Señor Delegado de Información y Turismo, para a formación dun grupo de teatro afeccionado, que se rexirá polos mesmos estatutos da Sociedade. Contéplase a posibilidade de acudir ao Certame de Ribadavia. Colaborou na xestión ante o Ilustrísimo Señor Delegado de Información y Turismo, o grupo de Teatro Circo de A Coruña".

O proxecto vai adiante, e o día decesete de maio de 1975, estréase no Liceo *Pancho de Rábade* de Alvaro de las Casas, representación que acudirá, con gran éxito, á Mostra de Ribadavia o vinte e seis dese mesmo mes. A obra representase en varios lugares de Galicia, e novamente no Liceo o día vinte e sete de agosto.

O sete de decembro, estrea "Rexurdimento", que se repón o día vinte e oito do mesmo mes.

Noite de Lobos, o buque insignia de Candea, xa da autoría de Xosé Agrelo, estréase no Liceo os días vinte e seis e vinte e sete de abril, e en Ribadavia o vinte e catro de maio. O éxito é total, e Candea con *Noite de Lobos* leva o nome do Liceo por toda Galicia. A obra representouse unhas trinta veces, tanto en cidades coma en vilas ou aldeas de Galicia, algunhas delas foron Esteiro, Vigo, Sada, Corrubedo, Seixo, Lugo e Cesuras.

mitouse con antelación suficiente a súa solicitude, que veu denegada por estar prohibidas pola Dirección General de Espectáculos, todas as obras do seu autor.



"OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE", LICEO DE NOIA,
28-08-2000.



"OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE", LICEO DE NOIA,
28-08-2000.

En xaneiro do setenta e seis, o día cinco, estréase *Metá e Metá*, tamén da autoría de Xosé Agrelo. Os éxitos cóntanse por actuacións. Repítense a posta en escea no Liceo os días vinte e seis e vinte e sete de abril do mesmo ano. De novo o nome da Sociedade da man de Candeia paséase por toda a xeografía galega, de norte a sur, da montaña ás rías, a obra ponse en escena máis de cincuenta veces.

Pero a maxia rómpese, e por disensións coa nova directiva presidida por D. Manuel Barreiro, Candeia continúa a súa traxectoria fóra da Sociedade.

Esto non significou a ruptura definitiva de Agrelo co Liceo. Conferencias, presentacións de libros, e de obras de teatro, achegárono innumerables veces aos salóns da Sociedade, sempre disposto a colaborar con calquera actividade social.

No ano 2000 volve co teatro ao Liceo dirxindo unha fermosísima montaxe de *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, que pon en escea o 27 de agosto e o 1 de setembro.

A súa gran amizade con Avilés de Taramancos, tráeo de novo á nosa Sociedade nos actos de homenaxe ao poeta tanto antes como despois de serlle adicado o Día das Letras Galegas.

Como director de Toxosoutos, realizou numerosas presentacións de libros, e colaborou na edición do libro *25 anos despois* editado pola Sociedade, e adicado á fundación do grupo "Candeia" e da Coral Polifónica do Liceo.

Imprescindible foi a súa colaboración para levar a cabo a edición dunha revista na Sociedade. Acolleu o novo proxecto, *Alameda*, co seu entusiasmo habitual, entrando a formar parte do consello de redacción e colaborando con artigos sobre as materias máis diversas, culminando o proxecto na edición do libro editado polo Liceo con gallo dos setenta e cinco anos da súa fundación.

Sei que tiña *in mente* a exposición das portadas de todas as revistas *Alameda*, ao cumprirse a edición do número vinte e cinco. Curiosamente, este número, adicado á súa persoa.

Non caerá a idea en saco roto.

Xeografía

A vila de Noia ante a posibilidade de inundacións catastróficas



Pedro García Vidal

A necesaria xestión dos riscos

Este outono presentou en Galicia a súa faciana máis combativa. Faino cada certo tempo, pero a nosa fráxil memoria provoca que nos colla desprevidos. Chegadas por medio dunhas profundas borrascas atlánticas, as precipitacións caeron de forma xenerosa como non o facía dende anos. Temos aínda presentes as angustiosas imaxes da veciña vila de Cee asolagada. Tamén as de Vilagarcía de Arousa ou Ribeira. Bastou un episodio de chuvias anormalmente abundantes para poñer ao descuberto a escasa ou nula planificación do ser humano e a indefensión con que este asiste ante as forzas desatadas da natureza.

Unhas circunstancias excepcionais non poden xustificar a falta de previsión. En Galicia a chuva non constitúe un feito novo. Tampouco as súas consecuencias. Existen series de datos pluviométricos o suficientemente amplos e fiables como para poder avaliar a probable aparición de episodios de chuvias excepcionais. Por conseguinte, sabemos dun risco importante aínda que este se considere improbable. Por outra banda, coñecemos igualmente os efectos sumados de lume e chuvias. Cando a cuberta vexetal dos montes é destruída de xeito importante por unha vaga de lumes como a acontecida neste verán, sabemos que a escorrenta das augas aumenta (logo dun incendio forestal o

caudal dos ríos medra ata o 400%) polo que o perigo de enchentes é maior. O sucedido en Noia no ano 1989, en Muros no 2000, ou en Carnota no 2005 son algúns bos exemplos próximos dos que deberiamos ter tomado nota.

CEE ASOLAGADA: AS ENSINANZAS DA HISTORIA

Acudir á historia é unha boa maneira de encontrar algunhas das razóns que explican o desastre. A fotografía neste caso pode ser un instrumento que aforra moitas palabras. Iso foi o que fixo o xornal *La Voz de Galicia* para ilustrar os cambios producidos na ría de Corcubión nos últimos anos, en concreto o proceso de recheo do saco da ría na localidade de Cee. Nesas imaxes agóchanse as claves dunha catástrofe anunciada. En palabras do catedrático de botánica Javier Guitián, foi a irresponsable actuación do home a que provocou o desastre: *el fondo de la ría, aparece sepultado, modificando dramáticamente la línea de costa; los cursos de agua se han alterado y se*




A ESTREITA CANLE NATURAL QUE SE ABRE ENTRE PUNTA ABRUÑEIRAS E PUNTA TESTAL ATA AS MESMAS PORTAS DA VILA, CONSTITÚE O REGAZO OCASIONAL PARA AS AUGAS ATLÁNTICAS E O ESTEIRO PERMANENTE DAS AUGAS CONTINENTAIS QUE AQUÍ DESAUGAN.



AÑOS TREINTA. El mar dividía en dos el casco urbano, tal y como muestran las imágenes superior e inferior.

HOY. El inmenso relleno ha modificado la boca de la ría. Donde antes había agua, ahora hay multitud de edificios.


LA VOZ DE GALICIA, 24-10-06. OS RECHEOS IRRESPONSABLES DO FONDO DA RÍA INCREMENTARON O RISCO ANTE EPISODIOS DE CHUVIAS INTENSAS NA VILA DE CEE.



han construido calles y edificaciones que impiden la salida al mar” (La Voz de Galicia 28-09-06).

A finais dos setenta Cee comezaba a dar forma a un proxecto consistente en gañar terreo ao mar. Cos parabéns de case todo o mundo eliminouse a marisma, a xunqueira que, afirmábase, non valía para nada. Apenas se escoitaron voces de protesta. O recheo, de máis de 120.000 metros cadrados, remataba no ano 1987 en forma dunha enorme explanada que case non superaba o nivel do mar. A solución para os tres pequenos ríos que alí desaugaban consistiu en domesticalos canalizándoos ata o mar. Nalgún caso a ridícula canalización era un tubo de cincuenta centímetros de an-

NESTE PLANO DE FINAIS DO SÉCULO XVI, CONTEMPLAMOS AS PRIMEIRAS CONQUISTAS ÁS AUGAS. A REALIZACIÓN DA MURALLA PERMITIU O RECHEO E AMPLIACIÓN DO ESPAZO URBANIZADO INTRAMUROS.



4. NO PLANO DE 1907 APRÉCIANSE AS NOVAS TERRAS CONQUISTADAS AO MAR A FINAIS DO XIX E PRIMEIROS ANOS DO XX. OS PEIRAOS DE CADARSO E GASSET, XUNTO COS DESTINADOS AO EMBARCADOIRO DA FÁBRICA DE CONSERVAS "LA NOYESA", CONSTITÚEN AS ACTUACIÓNS MÁIS SOBRRANCEIRAS NOS BORDOS ACUÁTICOS

cho. Só fixo falta un episodio de chuvias torrenciais, sumado á destrución da cuberta vexetal polos lumes do verán, xunto cunha cunca con pendentes fortes, para poñer de manifesto todo aquilo que se fixo mal. Os tres pequenos ríos convertéronse en segundos en feros torrentes que racharon as cadeas e correron ceibas cara ao mar arrasando con todo aquilo que se poñía por diante.

Sen dúbida que os lumes do verán contribuíron en grande medida a multiplicar os efectos de por si devastadores dunhas precipitacións que facía trinta anos non se producían con eses niveis, pero unhas circunstancias excepcionais non poden xustificar a falta de previsión. Como sinala o catedrático de edafoloxía Francisco Díaz-Fierros Viqueira: *Certamente que a seca de agosto e as chuvias de outubro non foron normais en Galicia. Pero de aí a considerar que non sexan previsibles fica un bo treito, pois na actualidade existen xa series de datos pluviométricos de extensión suficientes como para poder avaliar con rigor a probabilidade de que determinados episodios extremos puidesen acontecer neste país. Polo*

tanto atopámonos diante duns riscos importantes que por moi improbables que fosen están perfectamente definidos e, en certa maneira, preditos (La Voz de Galicia 29-09-06).

CONSTITÚE NOIA UNHA ZONA DE RISCO DE INUNDACIÓNS ?

Ante a futura realización dun denominado mapa de riscos de catástrofes naturais por parte do goberno galego, un estudo que debería contribuír logo a unha axeitada xestión dos mesmos, debería incluírse a vila de Noia e arrabaldes nesa cartografía de riscos?. Vexamos.

Aínda tendo en conta as particularidades de cada espazo, o mar de Noia presenta certas semellanzas co que sucede no saco da ría de Corcubión. En ambos os dous casos estamos ante un fondo de ría, un espazo de marisma onde se produce a mestura de augas doces dos ríos coas salgadas do mar a intervalos regulares por mor do pulo das mareas. Na vila de Noia, estamos ante o punto máis afastado da bocana da ría: uns 17 quilómetros separan a ponte de Noia dunha imaxinaria liña entre Baroña e Monte Louro. Pero ademais, o mar de Noia, ese mar ocasional que con regularidade nos invade, forma un recanto tras o San Lois, que se abre entre Punta Testal e Abruñeiras ata as portas da mesma vila de Noia, conformando un pequeno mar interior moi pechado. O reducido entrante que acolle ao mar de Noia, froito da suma de esforzos dos tres ríos que nel desaugan, constitúe ao mesmo tempo o esteiro natural das augas doces. Por conse-



EN NOIA, SAN LÁZARO CONSTITÚE O MAIOR ESPAZO GAÑADO ÁS AUGAS.

guinte: regazo temporal para as augas atlánticas por unha banda, e esteiro permanente para as augas continentais por outra, conforman a dobre función deste seo de fondo de ría. A diferenza da vila de Cee, as correntes de auga doce que desaugan neste lugar, son tres notables ríos: O Vilaboa, O Lobo ou Tállara e o Traba. Tres ríos que teñen as súas fontes nos altos cumes do Barbanza, co que isto implica tanto de cara á posibilidade de importantes aportes de auga no período das chuvias, como á velocidade das mesmas pola acusada pendente nalgúns tramos que multiplica a súa capacidade de arrastre.



A CONSTRUCCIÓN DA ESCOLLERA SUPUXO O MAIOR OBSTÁCULO Á LIBRE CIRCULACIÓN DAS AUGAS E UNHA CONTRIBUCIÓN IMPORTANTE NA ACELERACIÓN DO PROCESO DE ATERRAMENTO DO MAR DE NOIA. A SUPRESIÓN DA MESMA DEBERÍA TOMARSE COMO UN OBXECTIVO PRIORITARIO.

A CONQUISTA DE ESPAZOS AO SEO DE NOIA. UN POUCO DE HISTORIA

Desde o ano 1168 en que Noia entra na historia por mor do documento oficial que certifica a súa fundación, os cambios nos bordos acuáticos do emprazamento inicial foron notables. No seu inicio o poboado estaría recollido nun erguido esporón granítico entre o Traba e a ría, coas augas alcanzando niveis bastantes superiores aos actuais. No alto, libre das augas, estaría o Tapal onde se levantarían os elementos defensivos formados por castelo e pazo xunto coa igrexa. Ao seu arredor xurdirían os barrios mariñeiros en contacto directo coas augas do Traba e da ría. A natureza do emprazamento apenas sería modificada pola man do home nestes momentos iniciais da vida urbana. Nas beiras do Traba, porén, a medida que pasaba o tempo, foron instalándose muíños, píos para o tratado das peles, e tamén un Hospital, o Hospital de Afora ou do Espírito Santo, de finais do XIII ou principios do XIV, mesmo cun dos seus muros instalado nas augas do río.

A primeira actuación importante sobre os bordos marítimo-fluviais ten lugar no ano 1320. Nese tempo comézase a levantar o muro que vai cinguir o florecente establecemento urbano. É coa realización desta obra cando por primeira vez se conquistan territorios de inundación para integralos tras os muros como espazos urbanizados. O espazo cidadán medra a costa de roubar terreos ao río e ao mar. A muralla ía funcionar a partir dese momento, entre outras cousas, coma un elemento de defensa ante as augas. De seguro que en diferentes intres da súa prolongada historia salvou ao núcleo de catastróficos episodios de inundación.

Un segundo momento fundamental na modificación dos bordos costeiros do seo de Noia, ten lugar a finais do século XIX e principios do XX cando se vai levar a cabo a construción dos peiraos de Cadarso e Gasset logo prolongados ata o dique do Marqués. Neste último lugar, xa tivera lugar con anterioridade a construción do antigo peirao (1850), froito da colaboración entre o marqués de Monroy e a mariñeiría, que iniciou a remodelación da traza costeira neste tramo. O terreo gañado ao mar coa construción dos periraos foi importante, sobre todo na zona correspondente ao de Gasset. As antigas murallas, agora innecesaria como defensa ante as augas, ven como sobre elas e empregando a súa mesma pedra érguense as novas edificacións.

Pero, sen dúbida, a actuación máis importante ata o momento no tocante á conquista de terreos sobre as augas foi o recheo da marisma de San Lázaro. O que durante tantos séculos fora un espazo encharcado, unha xunqueira que gardaba nun pequeno illote de terra firme unha minúscula capela dedicada ao santo e construcións anexas empregadas para concentrar aquelas persoas sospeitosas de padecer calquera enfermidade infecto-contaxiosa, ía sufrir un proceso de progresivo recheo que des-

embocaría no fallido *proxecto de urbanización de San Lázaro de 1943* (ver Alameda nº 10). As últimas fases do recheo teñen lugar nos anos cincuenta e esténdese ata os sesenta en que a coñecida como *charca de San Lázaro* vai desaparecer definitivamente. Anos máis tarde, xa en plena democracia, levouse a cabo a última actuación de recheo nesta zona de San Lázaro nos terreos que na actualidade ocupa o campo de fútbol.

Na zona norte da vila, tamén se levaron a cabo importantes procesos de recheos en diferentes etapas do século XX. En concreto na zona de Pedra Sartaña o terreo gañado ao mar foi verdadeiramente significativo. As construcións que ollamos hoxe están levantadas sobre terreos onde antes atracaban embarcacións de notable porte: fábrica de Moledo, estación de autobuses, e liña posterior



DESDE O PEIRAO DO MARQUÉS ATA PEDRA SARTAÑA O RECHEO ALCANZA UNHA DIMENSIÓN CONSIDERABLE E HOXE CHEGA ATA ABRUÑEIRAS.

de edificacións inmediatas ao Polideportivo municipal. A máis recente actuación no bordo costeiro do mar de Noia é aquela que ten lugar na explanada do Marqués, comezada a finais dos oitenta e que en etapas sucesivas ata hoxe chega preto da punta de Barro. Outras pequenas actuacións nos bordos costeiros do mar de Noia teñen lugar por exemplo no Campo das Rodas e Chaínza.

Non podemos esquecer neste breve percorrido recordatorio, o tremendo efecto que a construción da nunca rematada escollera tivo sobre o mar de Noia. Aquela



INUNDACIÓN EN SAN BERNARDO O 13 DE ABRIL DO ANO 1956. EN NOIA, SAN BERNARDO É O LUGAR DE MAIOR RISCO DE INUNDACIÓN, PERO NON É O ÚNICO.

obra de rimbombante título *Proyecto de Canalización y Dragado del Puerto* aprobada e presupostada xa nos anos cincuenta do pasado século e que pasa por peripecias mil nos sesenta sen que nunca chegue a rematarse, supuxo a actuación máis degradante neste mar interior da ría. A aceleración do proceso de sedimentación do mesmo foi, sen dúbida, o seu efecto máis visible e perverso aparte doutros.

En resume, logo do visto, semella claro que a actuación humana sobre os bordos costeiros do mar de Noia foi importante. Como consecuencia a conquista de espazos asolagados ocupa na actualidade unha considerable extensión e o proceso de aterramento semella aínda non ter finalizado. E aquí xorde a pregunta pode soportar este fondo de ría unha maior presión humana en forma de novos recheos? Baixo o meu punto de vista existen moitos factores que o desaconsellan.


O RISCO EXISTE, ESTÁ AÍ

En Noia os ríos xa avisaron. E non unha vez, senón varias. A última no mes



NO MES DE NADAL DO ANO 1989, O DESBORDAMENTO DO TRABA NO LUGAR DE SAN BERNARDO CONVERTEU A ESTRADA A SANTIAGO NUN VERDADEIRO RÍO.

El calentamiento de la Tierra



CAMBIO CLIMÁTICO. PARA ALGÚNS UNHA VERDADE INCÓMODA.

de Nadal do ano 1989. Un episodio de chuvias excepcionalmente intensas, coincidente con marea alta, ao que se sumarían os efectos duns montes queimados polos lumes daquel verán, amargaron aquela noiteboa a moitas familias, especialmente aquelas de San Bernardo máis preto do río Traba. Algunhas das imaxes que aquí se mostran falan por si soas.

Pero os avisos sucedéronse ao longo de todo o século XX. Así, os primeiros intentos de unir de xeito permanente as ribeiras do Traba entre a vila e lugar de San Lázaro, feito que ocorre a principios do século XX, van resultar un fracaso por mor das enchentes do Traba. A primeira pasarela en ferro e madeira que ía desde o barrio do Espírito Santo, nas proximidades do macelo municipal, ata o orela oposta, foi levada por diante por mor dunha riada. O segundo intento, anos máis tarde, no mesmo lugar pero agora en formigón, tampouco resistiu o poder das augas nunha nova enchente e a ponte foi igualmente destruída.

En diferentes anos, altas mareas coincidentes con episodios de chuvias intensas provocarán inundacións importantes que afectaron principalmente a zonas como San Bernardo ou a Chaín-

za. Existe constancia gráfica dalgún destes sucesos como podemos apreciar nas fotografías que se mostran.

Todos estes precedentes aos que acabamos de facer mención –seguramente unha mínima parte dos producidos desde a fundación da vila–, deben servir de recordatorio para non actuar con improvisación neste tema. Logo non valería xustificarse alegando descoñecer o risco.

O CAMBIO CLIMÁTICO, UNHA VERDADE INCÓMODA

O cambio climático xa está aquí. Os seus efectos comezan só a mostrarse. Os sucesos deste outono son só unha parte. A película de Al Gore, ex-vicepresidente americano, *Una verdad incómoda*, constitúe un bo documento para incrédulos ou desinformados. Todas as predicións apuntan a que as poboacións ribeiregas son as que máis van sufrir os efectos do cambio de nivel das augas como consecuencia directa do cambio climático. As inundacións afectan xa a moitas poboacións costeiras, pero os riscos van incrementarse nos próximos anos debido a cambios no clima e na sociedade. É necesario, afirman a maioría de expertos, tomar decisións drásticas: ou investimos máis en enfoques sustentables respecto ás inundacións e á xestión das costas ou teremos que acostumarnos a vivir con cada vez máis inundacións.

O cambio climático provocará unha subida do nivel do mar e un aumento das precipitacións con tormentas máis intensas e mareas máis altas, o que favorecerá un incremento de sucesos de inundación. Ante estas pesimistas previsións que facemos aquí na beira das augas ante semellante ameaza?. Pois mirar para outro lado, ig-



NOS FONDOS DE RÍAS CONVIVEN FORMACIÓN NUN EQUILIBRIO INESTABLE. CALQUERA ACTUACIÓN NA COSTA REPERCUTE INMEDIATAMENTE NO CONXUNTO. A ALTERACIÓN PRODUCIDA COA INSENSATA CONSTRUCCIÓN DO ESPIGÓN DE TESTAL –AGORA EN PROCESO DE DESAPARICIÓ – FOI VERDADEIRAMENTE SIGNIFICATIVA.



CALQUERA ACTUACIÓN QUE SUPÓÑA ESTREITAR O ESTEIRO NATURAL DOS RÍOS NO INTERIOR DO SEO DE NOIA ENTRE ABRUÑEIRAS E TESTAL, IMPLICARÁ NECESARIAMENTE UN INCREMENTO IMPORTANTE DOS RISCOS ANTE FUTURAS E PREVISIBLES INUNDACIÓNS.

norar as mensaxes, tentar aparentar que o problema non vai con nós. A nosa xestión da costa é por iso todo o contrario ao que debería ser se pensáramos que o anunciado pode chegar a producirse: recheos, macroportos, viadutos, paseos marítimos a esgalla,... Todo menos preparáronos para xestionar o risco (ver Alameda nº 19).

Nunha xeración, en dúas ao sumo, veremos si había lobo ou non, e como morde en cada lugar. O cerebro humano non semella moi ben deseñado para prever o futuro así que non parece sinxelo que nos fagamos á idea do cambio climático e actuemos en consecuencia. A economía que mira soamente a cotización da Bolsa do día seguinte non permite o paso á prospectiva ambiental, así que os profetas do pasado avisarán entón do que debería terse feito. Iso é o que pasa nestes días na vila Cee.

A diferenza de Cee, Noia no momento actual semella está protexida fronte á subida das augas cun aínda amplo esteiro que permite acoller, salvo momentos moi excepcionais, as avenidas dos ríos Traba, Lobo e Vilaboa en coincidencia coas altas mareas. Pero

Realmente estamos libres de inundacións catastróficas ? De momento si, pero o cambio climático e modificacións no esteiro poden mudar as cousas. Sexamos sensatos e aprendamos de quen o fixo mal. O caso de Cee é para nós de manual.

Rematamos insistindo no que dicíamos ao comezo deste escrito: sabemos dun risco importante aínda que este se considere improbable. Polo tanto, coñecido o risco o que debemos facer é aprender a xestionalo axeitada-

mente. E xestionalo significa actuar cada ano coma se fora producirse: manter os leitos dos ríos limpos e libres, impedindo calquera ocupación dos mesmos e das súas marxes; por en marcha un plan a longo prazo para librar ao mar de Noia do principal obstáculo para o libre fluír das augas como é esa esperpéntica escollera e, ao mesmo tempo, planificar todo un conxunto de medidas orientadas ao saneamento e rexeneración das ribeiras deste mar interior que tanto singularizan á vila de Noia; e non pensar, de ningunha das maneiras, en incrementar os obstáculos ao libre circular das augas. Debemos abandonar, polo tanto, toda idea de futuros recheos que non farían máis que agravar o risco funcionando coma un obstáculo ao libre correr dos ríos en caso de grandes avenidas coincidentes con mareas altas. Non podemos confiarnos ao abandono ou á fortuna pensando que as estatísticas nos indican que os episodios só suceden en períodos moi afastados de anos. Non podemos continuar mirando para outro lado ante unha verdade incómoda como é o cambio climático. Sería unha irresponsabilidade que pagaríamos moi caro.

Historia

27 de maio 2007: A última batalla electoral no Barbanza

Dez curiosidades e unha incógnita



Xerardo Agra Foxo

Na próxima primavera celebraranse as oitavas eleccións municipais da democracia. Sen dúbida, un acontecemento significativo para coñecer as preferencias políticas dos cidadáns e tamén unha data salientable para achegarnos á realidade histórica dos concellos vinculados co Barbanza.

Dende o comezo da democracia municipal os comportamentos electorais nesta comarca foron tan diferentes que precisan dunha análise individualizada, un estudo que reflecta a partir das papeletas depositadas nas urnas durante vinte e oito anos a personalidade de cada concello e o nome dos seus líderes nas sete lexislaturas anteriores.

Dentro das posibilidades que ofrece publicar unha reportaxe desta natureza nas páxinas da revista *Alameda*, estas son as conclusións sobre a realidade municipal de cara ás seguintes eleccións.

AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS EN AROUSA NORTE

O vieiro político nos concellos que configuran AROUSA NORTE, é dicir, RIANXO, BOIRO, A POBRA E RIBEIRA, resulta moi diverxente dende as primeira eleccións:

O concello de RIANXO é o máis estable da bisbarra. Dende as primeiras eleccións municipais, celebradas o 3 de

abril de 1979, o PSOE goberna dunha maneira incuestionable. O seu primeiro alcalde democrático foi **Xosé Bravo Fieiro** que liderou o termo municipal dende o ano 1979 ao 1994. Un período onde os únicos problemas foron a folga dos areeiros do Ulla no ano 1985, a dimisión dos concelleiros Xosé Tubío Fachado e Carmen Lema no ano 1988 e a protesta dos veciños que na Semana Santa do ano 1989 pecháronse no concello por considerar abusiva a contribución urbana. Despois da súa dimisión no ano 1994, foi nomeado como novo rexedor **Pedro Piñeiro Hermida**, o cal se mantén no poder grazas ás maiorías absolutas que acadou nas tres seguintes convocatorias.

As cousas foron ben distintas no concello de BOIRO. Despois dos primeiros comicios, o derradeiro alcalde do franquismo, **Francisco López Silva**, converteuse no primeiro da democracia (1979-1983). Nas seguintes foi substituído á fronte da alcaldía polo socialista **Manuel Velo Velo** malia que soamente obtivo cinco concelleiros, por oito do PGI, dous da coalición AP.- PDP.- UL e dous da AMDG. Catro anos máis tarde, no 1987, renovou o



XOSÉ BRAVO FIEIRO E PEDRO PIÑEIRO HERMIDA, OS DOUS ALCALDES DE RIANXO DURANTE A DEMOCRACIA, NUN ACTO CONMEMORATIVO DE CASTELAO CON ISAAC DÍAZ PARDO E XOSÉ LUÍS AXEITOS.



ANTONIO GONZÁLEZ GROVEIRO, EX ALCALDE DE PORTO DO SON, E XOSÉ LUÍS TORRES COLOMER, ALCALDE DE RIBEIRA, CON SIMPATIZANTES DO PARTIDO POPULAR DA COMARCA.
Arquivo: *El Correo Gallego*

seu mandato. Cando todo presaxiaba unha lexislatura cómoda, dado que obtivera 11 escanos, unha moción de censura auspiciada por cinco compañeiros do seu partido -Xaquín Ribeira, Consuelo Hermo, María Rosa Tubío, Xoán Antonio Outeiral e Xosé del Río Dieste- e os demais membros da oposición, afastouno da cadeira pre-

sidencial. O novo alcalde sería **Xosé Del Río Dieste** (1988). Pero Velo Velo conseguiría outra vez á alcaldía no ano 1991. Despois do seu terceiro mandato, comezaría a época do industrial **Xesús Alonso Fernández** que gobernaría Boiro nas seguintes lexislaturas ao gañar por maioría absoluta nos anos 1995 e 1999. Dende os últimos comicios (2003), logo da construción da cibernética fonte de 400.000 euros, o receo que deixaran certas operacións urbanísticas que favoreceron de maneira sospeitosa ao líder do PP e unha xestión económica que, segundo o Consello de Contas, sitúa a Boiro como o sexto municipio máis endebedado de Galicia, o concello é liderado polo nacionalista **Xosé Deira Triñanes** que gobernou ata hai unhas semanas co apoio de Xesús Ares González (PSOE) e o independente Manuel Velo Velo.

O concello de A POBRA tivo como líder destacado durante as tres primeiras lexislaturas ao derradeiro alcalde do franquismo: **Segundo Durán Casais**



ALCALDES E POLÍTICOS DO BARBANZA E A RÍA DE MUROS E NOIA NUN ACTO CELEBRADO NO CONCELLO DE LOUSAME.
Arquivo: *El Correo Gallego*



O ALCALDE DE PORTO DO SON, RAMÓN QUINTÁNS VILA, NUN ACTO CELEBRADO NO SEU CONCELLO. Arquivo: *El Correo Gallego*

(UCD). Ante os problemas que tivo no seu último mandato - cando foi denunciado pola Asociación Cultural A Misarela na Dirección Xeral de Xustiza, por requisarlle folletos co topónimo A Pobra- no ano 1990 deixoulle o cargo a **Álvaro Vieites Dávila**. No ano 1991 o TSXG condenou a Durán Casais polos delitos de impedimento dos exercicios dos dereitos civís, sentenza que confirmaría o Tribunal Supremo en 1993. As dúas seguintes lexislaturas foron presididas polo alcalde socialista **Ramón Rego Mieites** que gobernou cunha maioría minoritaria (1991-1995) e unha maioría relativa (1995-1999). A partir do ano 1999, o concello é gobernado cunha doada maioría pola candidato do Partido Popular **Isaac Maceiras Rivas**.

O comportamento político de RIBEIRA presenta nos seus comezos democráticos unhas características diferentes aos das últimas consultas electorais. As tres primeiras deron como resultado tres alcaldes diferentes. Nas catro últimas conserva o poder o mesmo rexedor. O primeiro alcalde da democracia foi o representante da UCD **Lisardo Valeiras Bravo** (1979-1983). Na seguinte lexislatura gobernaron os socialistas de **Xosé Antonio Ventoso Mariño** (1983-1987) o cal sería substituído

na terceira lexislatura polo líder de AP, e derradeiro alcalde da ditadura, **Ricardo Torres Queiruga** (1987-1991) que soportou unha moción de censura no ano 1989. Neste mesmo ano o ex alcalde Ventoso Mariño e nove concelleiros foron xulgados por outorgar licencias de obras sen contar cos visados do Colexio de Arquitectos. Na sentenza ditada polo Tribunal Supremo no ano 1992, serían inhabilitados a seis anos e un día. Dende o ano 1991 goberna cunhas incontestables maiorías absolutas o representante do Partido Popular **Xosé Luís Torres Colomer**.

OS COMICIOS ELECTORAIS NA COMARCA DE NOIA

Na comarca de NOIA -impreciso nome para unha entidade administrativa composta por catro concellos- os



CARLOS LÓPEZ CRESPO, ALCALDE DO PARTIDO POPULAR EN OUTES DENDE AS ELECCIÓNS DE 1999. Arquivo: *El Correo Gallego*



REPRESENTANTES DO PARTIDO POPULAR DE LOUSAME ACOMPAÑAN AO SEU CANDIDATO DE CARA ÁS MUNICIPAIS DE 1999.

Arquivo: *El Correo Gallego*

comportamentos políticos, agás o caso de Noia, amosan unha clara estabilidade política. No territorio de LOUSAME, o PSOE, liderado por **Xosé Ramón Vidal Castelo**, gobernou con comodidade e discreción durante as seis primeiras lexislaturas. A primeira grazas ao apoio do concelleiro da Asociación Municipal Democrática Galega (AMDG). Nas catro seguintes ocupou a presidencia valéndose dunhas doadas maiorías absolutas. Na sexta, que comezou no ano 1999, só obtivo 5 concelleiros, por 3 do BNG e outros 3 do PP. O único problema grave destas lexislaturas, que axudaron a fortalecer a identidade do concello con respecto aos seus veciños, mellorar as infraestruturas e a espallar o nome desta entidade cunha clara vocación rural, foi a concentración no ano 1997 de douscentos veciños que protestaban contra a construción dunha central eléctrica no río Vilacoba. Dende os últimos comicios, celebrados no ano 2003, goberna o alcalde do Partido Popular **Santiago Freire Abeixón** grazas ao apoio da concelleira independente Rocío García Castro.

O concello de PORTO DO SON tamén presenta unha curiosa estabilidade política. Despois dos resultados da primeira convocatoria electoral saíu elixido como alcalde o comunista e líder local da AMDG, **Antonio González Groveiro**. Presidindo as filas do PSOE, despois de saír do PCG por supostos desacordos coa política de CC.OO, foi elixido nos comicios celebrados nos anos 1983, 1987 e 1991. Foi durante o seu terceiro mandato cando se produciu un dos feitos máis noxentos da democracia neste concello. Sucedeu no 1987, cando o alcalde publicou un Bando afirmando que as críticas dun xornal (*La Voz de Galicia*) se debían a que rexeitara “las propuestas intimas que la redactora-jefa en Barbanza le hizo

a la persona del alcalde”. Groveiro sería condenado pola Audiencia Provincial. Cando no ano 1995 se presentou por quinta vez, nesta ocasión liderando as filas do Partido Popular, foi derrotado por **Ramón Quintáns Vila** do PSOE, que tamén saíu elixido nas seguintes lexislaturas celebradas nos anos 1999 e 2003.

Os resultados electorais celebrados ata agora no concello de OUTES amosan unha clara tendencia conservadora. **Gonzalo Pérez Villaverde**, o derradeiro alcalde do franquismo sucedeu a se mesmo liderando á UCD. Este comportamento, que certificaba a ausencia dun claro debate político nesta marxe da ría, tería continuidade coas vitorias obtidas nas catro seguintes consultas sen participar nunca nun mitin e liderando partidos diferentes. Dende o ano 1999 preside o concello cuns aires máis renovados o representante do Partido Popular **Carlos López Crespo**.

O comportamento electoral de NOIA, tal como se explica en dous libros do autor desta reportaxe –*CRÓNICAS DUNHA DEMOCRACIA* e *A REVOLTA NACIONALISTA*– semella moi diferente ao exhibido polos concellos do seu entorno. Durante as dúas primeiras lexislaturas o PSOE, liderado por **Xesús Díaz Fornas**, achegou o concello aos veciños, dignificou a actividade política e realizou importantes melloras na vila e aldeas. Despois viñeron os conflictivos mandatos do BNG. Nestes oito anos (1987-1995) houbo dous alcaldes: **Pastor Alonso Paz** e **Bieito González Domínguez** (AG). As tres últimas corporacións foron presididas por tres alcaldes diferentes: **Mari Carme Abeixón Carou**, representando ao PP (1995-1999), **Rafael García Guerrero** do PSOE (1999-2003) e **Antonio Pérez Insua** que iniciaba a segunda época do Partido Popular á fronte da corporación municipal (2003-2007). Unha historia convulsa, ategada de batallas inútiles e cambios imprevistos, que aproveitaron



SOCIALISTAS DE OUTES CO SEU DIRIXENTE XOSÉ BLANCO. Arquivo: *El Correo Gallego*

algúns concellos veciños para quedarse dende os comezos da democracia co Hospital Provincial, Facenda, INEM, a Policía ou a ITV. Os cambios nas tres últimas lexislaturas certifican o esquecemento das cuestións vitais, como o saneamento da ría e a mellora das comunicacións, e a condición de Noia como un concello inestable.

DEZ CURIOSIDADES MUNICIPAIS

Unha vez realizado este breve resumo do mapa electoral das dúas comarcas que configuran a península do Barbanza, onde tamén engadimos o veciño concello de Outes, semella interesante ofrecer once datos que polo seu interese contribúen a comprender mellor a nosa realidade histórica:

1°. Soamente tres alcaldes franquistas lograron renovar o seu cargo despois das primeiras eleccións democráticas. Trátase de **Francisco López Silva** (Boiro), **Gonzalo Pérez Villaverde** (Outes) e **Santiago Durán Casais** (A Pobra).

2°. **Ricardo Torres Queiruga**, derradeiro alcalde da ditadura en Ribeira, conseguiu volver ao posto na terceira lexislatura.

3°. Nos concellos de Rianxo (PSOE) e Porto do Son (AMDG e PSOE) sempre gobernou a esquerda. A dereita manda en Outes dende o comezo da democracia e gobernou Ribeira durante seis lexislaturas.

4°. Nestes oito concellos houbo 26 alcaldes e só unha alcaldesa: **Mari Carme Abeixón** (Noia).

5°. Noia é o único concello onde gobernou o BNG con maioría absoluta. En Boiro necesitou dunha coalición.

6°. **Antonio González Groveiro**, **Gonzalo Pérez Villaverde** e **Segundo Durán Casais** foron os tres rexedores máis camaleónicos. O primeiro figurou na AMDG, no PSOE e agora no PP. O segundo pertenceu a UCD, á Coalición Progresista e ao PP. O terceiro militou na UCD, Coalición Popular e Coalición Progresista.

7°. **Pastor Alonso Paz** foi o único alcalde inhabilitado durante o exercicio do poder.

8°. Noia é o concello con maior número de alcaldes, seis. Rianxo, Lousame, Porto do Son e Outes só tiveron dous.

9°. Despois de vinte e oito anos, tres ex alcaldes –**Manuel Velo Velo**, **Antonio González Groveiro** e **Xosé Ramón Vidal Castelo**– continúan na política activa.

10°. Os rexedores municipais que conseguiron maiores vitorias electorais foron: **Xosé Ramón Vidal Castelo** (6), **Gonzalo Pérez Villaverde** (5) e **Antonio González Groveiro**, **Xosé Bravo Fieiro** e **Xosé Luís Colomer** con catro cada un.



OS DOS ÚLTIMOS ALCALDE DE NOIA, RAFAEL GARCÍA GUERRERO E ANTONIO PÉREZ INSUA, NUN ACTO CELEBRADO NO COLISEO NOELA.
Arquivo: *El Correo Gallego*

QUEN GAÑARÁ O 27 DE MAIO DE 2007?

Cada termo municipal amosa unha realidade tan diferente que semella imposible vaticinar a estas alturas os posibles gañadores dunha contenda electoral que aínda non coñece as listas que se presentarán. Con todo, visto o comportamento dalgúns concellos ao longo da curta historia democrática, a personalidade política de certos alcaldes, a tarefa política desenvolvida por determinados rexedores e os conflitos xurdidos durante a presente lexislatura, realizamos esta aposta.

Quen gañará as eleccións o 27 de maio de 2007? Todo apunta a que os concellos da comarca de Arousa apenas modificaran a presidencia das súas corporacións. Tanto **Pedro Piñeiro Hermida** en RIANXO como **Isaac Maceiras Rivas** na POBRA manteranse nos seus cargos sen dificultades. No primeiro, onde no último ano só acadou o grao de polémica a construción dunha rotonda preto dun centro educativo, o goberno acudirá as eleccións coa promesa dun importante investimento na remodelación do seu peirao e unha aposta pola estabilidade. No segundo, a expulsión de dous concelleiros do PSOE, Antonio Moure e Carlos Peleteiro que ingresaron no Partido Galeguista, e a fuxida do ex secretario dos socialistas, Xosé Manuel Suárez, cara a Esquerda Unida, amosa a debilidade do centro esquerda que acudirá á cita do 27 de maio con catro formacións diferentes.

Tendo en conta a división da esquerda no concello de RIBEIRA —onde aínda existe unha rúa co nome do ditad— revalidará con toda seguridade o seu mandato **Xosé Luís Torres Colomer**. Polo que respecta a BOIRO, dúas

circunstancias alteraron o mapa político no tramo final da lexislatura: a ruptura do tripartito, ante os desacordos reiterados co concelleiro independente, e a sorprendente aparición do xornalista Luís Blanco Vila como candidato do PP. Malia a sombra inquietante de Velo Velo, a posible baixada de votos dos populares —ante a escasa representatividade do “home de Alonso” e o malestar polas contas dos mandatos conservadores— posibilitará con toda seguridade outro goberno progresista.

Na comarca de Noia a estabilidade semella probable nos concellos de LOUSAME e OUTES. No primeiro, o desgaste dos socialistas durante vinte e catro anos no goberno, a súa escasa oposición durante o actual mandato e a escasa presenza do BNG na vida política despois de sete lexislaturas, apunta a que os populares dirixidos por Santiago Freire renovarán o seu mandato. Necesitarán o apoio da eficaz concelleira independente? No segundo, tampouco ofrece dúbidas a continuación á fronte da alcaldía de **Carlos López Crespo**. A tardía resposta da cidadanía ao proxecto da Xunta de construír un viaduto na desembocadura do río Tines e a incomprendible postura da oposición neste asunto de vital transcendencia ecolóxica, non impedirá a oitava lexislatura dos conservadores e o terceiro mandato dun alcalde que polo seu talante progresista semella moi afastado dos seus líderes.

No PORTO DO SON, onde destaca a envexable política cultural realizada polo concelleiro Xoán Pastor Rodríguez, parece que a lexislatura rematará revolta. Os problemas urbanísticos denunciados nalgúns medios de comunicación, a dimisión e ceses dalgúns concelleiros do grupo de goberno e a posibilidade de que a dereita presente un novo candidato, apunta a unha vitoria apertada da actual coalición progresista. Atrévase o ex alcalde dar outro salto mortal cunhas novas siglas?



XOSÉ DEIRA TRIÑANES, ALCALDE DE BOIRO, E ANTONIO PÉREZ INSUA, ALCALDE DE NOIA, NUN ACTO DE HOMENAXE A MARÍA MARIÑO.
Arquivo: *El Correo Gallego*

QUEN VENCERÁ EN NOIA?

Chegados a este punto da reportaxe semella imprescindible pronunciarse polos resultados electorais que se producirán no concello de Noia. De cara á próxima cita electoral, a resposta é doada. Pero antes debes considerar varias conclusións extraídas dunha análise rigurosa dos anteriores resultados:

1°. O partido que consegue a maioría absoluta perde os próximos comicios. Así lle pasou ao PSOE no 1987 e ao BNG no 1995. Sucederalle o mesmo ao PP?

2°. As tres anteriores lexislaturas tiveron diferentes rexedores. Continuará esta tendencia renovadora?

3°. Os tres últimos alcaldes de Noia gañaron as eleccións sen antes participar na vida política. Presentará o PSOE ou o BNG un candidato inédito?

4°. No ano 1995 o representante de

Alternativa Galega doulle o poder a Mari Carme Abeixón (PP). Haberá algunha lista nova?

5°. Cando un alcalde decepciona, a resposta do electorado noiés é contundente. Non importa quen governe nin na Moncloa nin en San Caetano. Que tal o fixo o actual rexedor?

Descoñecemos as estratexias electorais que empregarán os partidos para conseguir acceder á cadeira do pazo da alameda. Descoñecemos os nomes dos candidatos da lista socialista e nacionalista. Non sabemos como resolverá o PP a crise interna que sofre dende mediados da lexislatura ou como lle afectará a súa teima co viaduto sobre a ría. Tampouco sabemos se sairá na campaña un asunto de alarmante actualidade: as actividades inmobiliarias dalgúns concelleiros. Malia estes inconvenientes, se consideras os cinco postulados anteriores e resolves a incógnita precisa, o alcalde de Noia para a próxima lexislatura será con toda probabilidade... Admirado lector, a resposta está nas túas mans, é dicir, nas urnas. A cita é o próximo 27 de maio. Dez xornadas despois de que se celebre o **Día das Letras Galegas 2007** dedicado a **María Mariño**. Non esquezas que todos somos responsables, mesmo, nalgúns ocasións, cómplices. Ánimo e sorte.



Victor Vez Vilar

Pinceladas sanitarias

Sexualidade

(II)

Neste segundo artigo dedicado a Sexualidade, Revista Alameda quere abordar hoxe este tema pensando nos lectores máis novos.

Novamente solicitamos a inestimable colaboración de OLGA NÚÑEZ BLANCO, psicóloga e sexóloga, que tan brillantemente colaborara con nós no anterior artigo.



REVISTA ALAMEDA.- Olga, é indubidable que son moitos os aspectos que podemos abordar, pensando na xuventude si de sexualidade se trata. Quixeramos coñece-la túa opinión sobre cal ou cales serían os máis salientables, ou dito doutra forma: ¿cáles son as principais inquedanzas dos máis novos en relación coa sexualidade?.

OLGA NÚÑEZ.- Son moitas e moi variadas, poderíamos mencionar temas de todo tipo. Depende un pouco tamén da idade. Por exemplo, cando se trata de rapazas moi novas, a punto de entrar na puberdade, a súa primeira preocupación é a menarquía, a súa primeira menstruación, así como tamén todos aqueles cambios que experimenta o seu corpo nesta etapa (preocupación que tamén comparten os varóns nesta idade).

Hoxe en día, a maioría das rapazas seguen sen recibir unha información adecuada sobre o ciclo menstrual: a maioría non saben cómo se produce, qué significa e qué implica nas súas vidas. E a consecuencia máis inmediata disto é que o viven como unha verdadeira traxedia, como algo que resulta doloroso sen excepción (cousa que non é certa) e sobre todo como algo que non entenden.

A medida que van medrando un pouco máis, as inquedanzas, tanto dos mozos como das mozas, esténdense ao plano afectivo, ao tema das relacións persoais

en xeral e sexuais en particular. Entón empezan a preguntarse por temas como os anticonceptivos, as enfermidades de transmisión sexual, as prácticas sexuais... Estas curiosidades son totalmente sans e naturais. O que non resulta tan san é que obteñan esta información por fontes incorrectas, como por exemplo os medios de comunicación que non son un fiel reflexo da realidade (hai moitos mozos que se obsesionan con proezas que ven en películas porno e cine erótico cando en realidade aseméllanse ben pouco ao que pasa na vida cotiá), o grupo de amigos que distorsiona as vivencias e carece desa información... É perigoso que se guíen por cousas do tipo “*a fulanita pasoulle esto...nunha revista poñía que...ou os meus amigos fixeron esto e eu non*”. Ó ideal sería que tiveran a quen recorrer cando teñen dúbidas ou cando queren pedir consello. Este papel, ademais do



grupo de iguais, debería ser asumido polos pais, sempre e cando estes dispoñan da información necesaria, cousa que por desgracia, non ocorre sempre.

R.A.: Posto que mencionas o tema dos anticonceptivos, ¿qué é o máis importante que deberían saber?

O.N.: Pois primeiro que existe un amplo abano de posibilidades e polo tanto deben coñecelas para encontrar cal é a súa mellor opción pois a elección dun anticonceptivo vai depender das características da persoa e das súas circunstancias (xunto co criterio médico nos casos en que é necesario, que dito sexa de paso, son a maioría). Pero si hai unha primeira lección que aprender que é a seguinte: hoxe en día o único método anticonceptivo que ademais de servir como controlador da natalidade (é dicir, evitar un embarazo non desexado), sirve tamén para protexernos contra enfermidades de transmisión sexual (ETS, en adiante) é o preservativo. Hai outros métodos anticonceptivos pero non protexen contra as ETS, tan só o preservativo posúe esta capacidade.



Polo tanto, en persoas que manteñen relacións esporádicas, non monógamas, o método de elección debería ser o condón se non queren expoñerse a un contaxio. As persoas que manteñen unha relación monógama con unha parella que está san, poderían recorrer a outros métodos, eso si, tendo en conta os facto-

res de confianza e fidelidade pois se por moi estable que sexa a relación, un membro da parella mantén relacións sexuais con outras persoas sen protección, seguirá habendo risco de contaxio.

R.A.: O preservativo, ¿ten algún tipo de contraindicación? ¿pode ser utilizado por todo o mundo? ¿necesita receita médica? Ou é un método accesible para calquera persoa?

O.N.: É o método máis accesible que hai, ademais da súa gran dispoñibilidade actual (en farmacias, supermercados, máquinas expendedoras, etc.). Non necesita ser receitado por un médico: simplemente saber cómo se usa (instrucións que trae a propia caixa), comprobar que sexa un profiláctico homologado (teñen que ter o logotipo da comunidade europea senón significaría que non están indicados para o coito) e mirar sempre a súa data de caducidade a cal debe ser moi ampla. Se temos nas mans un preservativo que caduca dentro dun par de meses, ese preservativo leva circulando uns cantos anos así que pode non ser demasiado fiable.



Polo demais, non ten ningún tipo de contraindicación, salvo para aquelas persoas que padezan alerxia ao látex que é o material do que están feitos. Para estas persoas, hai algúns preservativos que están feitos de poliuretano, igual que o preservativo feminino.

Este é un material antialérxico, máis grosso, e posto que é non é igual de fácil encontralos como os outros, tamén serán menos económicos.

R.A.: ¿Qué outros métodos estarían a disposición dos nosos mozos?

O.N.: Por un lado están os métodos máis tradicionais, os chamados métodos de barreira (igual que o preservativo) que son o diafragma, o capuchón e a esponxa vaginal.

Son diferentes artilluxios que deben ser insertados na vaxina unhas horas antes da relación sexual e que non se poden retirar hasta pasado un tempo despois (que vai a depender de cada método: o mínimo serían seis horas e o máximo dous días). Estes métodos requiren tamén o uso de espermicidas: un produto que se comercializa en forma de xeles, supositorios, cremas....e que funciona destruindo os espermatozoides e impedindo que alcancen o óvulo.

Por outra banda, están os métodos hormonais, algo máis modernos e especialmente cómodos. Ademais da famosa píldora, podemos utilizar os parches anticonceptivos, o anel vaxinal, os inxectables e os implantes anticonceptivos. Estes métodos funcionan impedindo a ovulación e non soen estar recomendados en mulleres maiores de trinta e cinco anos, especialmente se son fumadoras.

R.A.: A ver, dános unhas breves pinceladas de cómo se utilizan estes últimos, os métodos hormonais.

O.N.: Ben, a píldora é un comprimido ou pastilla que se toma por vía oral diariamente, sempre arredor da mesma hora. Tómase durante vinte e un días e descánsase unha semana que é cando baixa a regra. Como principal vantaxe, habería que resaltar o feito de que diminúe moitas molestias que afectan a menstruación como as irregularidades no ciclo, a diminución do fluxo así como da tensión pélvica ou dores durante a regra.

Os parches se cambian cada semana. Hai que ir alternando as zonas de colocación entre abdome, glúteos, brazo e costas; nunca no peito. Se utilizarían tres parches seguidos, é dicir, tres semanas e se descansaríase unha. Este método non está indicado para mulleres obesas posto que o exceso de graxa impide a absorción dérmica da cantidade suficiente de hormonas.

O anel é un aro flexible de plástico que se inserta na vaxina durante tres semanas, seguindo o mesmo mecanismo que os anteriores. Non dificulta para nada as relacións sexuais posto que non se nota na penetración e é moi fácil de poñer e quitar.

Debe conservarse en frigorífico e en canto a economía, os prezos dos tres métodos son similares. Como vantaxe respecto á píldora, hai que dicir que o preparado hormonal que porta o anel non é metabolizado polo fígado polo que diminúe o risco de calquera afectación hepática.

Por último, tanto os inxectables coma os implantes



Condón de látex enrollado

Apretar la punta del condón para que no quede aire adentro y sujetar la punta mientras se desenrolla en condón sobre la base del pene

son métodos menos usados pois son máis custosos, precisan dunha supervisión médica maior e comportan máis complicacións (como a recuperación da fertilidade despois do seu uso)


Os implantes son unhas varillas de plástico que mediante cirurxía se insertan baixo a pel do brazo e anulan a ovulación durante cinco anos. Os inxectables son inxeccións de progestina, unha hormona sintética, que se poñen cada tres meses. Ambos métodos se usan especialmente en mulleres con algún tipo de diminución psíquica que lle impida optar polos outros métodos.

R.A.: ¿E o famoso DIU?

O.N.: DIU quere dicir dispositivo intrauterino. Este é un método que non se soe recomendar en mulleres nulíparas, é dicir, que nunca deron a luz. Como o seu nome indica, é un aparello, que ten forma de T, que o xinecólogo inserta dentro do útero.

É un método tamén moi cómodo posto que, dependendo do tipo que sexa (existen DIU de cobre e DIU liberado-





res de hormonas) poden duran dende dezaoto meses ata catro anos. Tamén ten inconvenientes como son as hemorraxias e o aumento da secreción vaxinal. Pero como digo non se soe usar en mozas, que non teñen fillos, a non ser que o médico indique o contrario.

R.A.: ¿Qué pasa cando o método anticonceptivo? Por exemplo, se rompe o preservativo. ¿A qué solución poden optar para evitar un embarazo non desexado?



O.N.: Neste caso deberían acudir a un centro de saúde ou de planificación familiar onde poderían optar pola Anticoncepción Poscoital, máis coñecida como píldora do día despois. Trátase dun preparado hormonal que afectará ó endometrio (a capa interno do útero) para impedir que o óvulo fecundado poida aniñar nel. Se debe administrar no prazo de setenta e dúas horas despois da práctica de risco. Non é un método infalible. A súa eficacia aumenta canto máis

se aproxime no tempo ó coito desprotegido. É dicir, que canto antes a tomemos máis posibilidade haberá de evitar o embarazo.

É moi importante recalcar aquí que a píldora do día seguinte é unha solución de emerxencia e non un método anticonceptivo. Hai moitas parellas que tomaron este avance científico como unha panacea e que cando se encontrar nunha situación na que carecen de anticonceptivo (non teñen un condón a man, esqueceronse de seguir as prescricións,...) optan por unha relación sexual sen protección porque “total despois imos a tomar a píldora do día despois”. Non, isto non é o correcto. Non se pode abusar dela porque cantas máis veces se tome, menos efectiva será. Ademais de que se deben ter en conta os efectos secundarios que poden ser moi desagradables ou derivar en outras consecuencias negativas (náuseas, vómitos, dor nas mamas...). Repito: é unha solución de emerxencia e non un método anticonceptivo.

R.A.: Finalmente tamén mencionaches o tema das enfermidades de transmisión sexual (ETS). A máis coñecida e a que máis asusta é o SIDA. Pero hai moitas outras ¿verdade?

O.N.: Sí, efectivamente. Nunha relación sexual sen protección (tanto no coito como en sexo oral, penetración anal e outras prácticas), ademais de infectarnos por VIH, podemos contaxiarnos de gonorrea, hepatite B, condilomas ou verrugas xenitais (orixinadas por VPH ou virus papiloma humano), herpes, candidiasis (tamén chamada micoses, infección causada por fungos), clamidiasis (causada neste caso por bacterias), sífilis, tricomoniasis e algunhas máis. Considero que só con esta lista bastaría para reflexionar en que é necesario practicar un sexo sabio, un sexo protexido, xa que o seu fin é o pracer e non carrexarnos un problema como é unha ETS ou un embarazo que non esperamos nin queremos.

De todas estas enfermidades e máis aspectos relacionados coa sexualidade falaremos no seguinte número de Revista Alameda.

R.A.: Pola nosa parte só engadir que agradecemos esta inestimable colaboración de Olga Núñez á que desexamos moitos éxitos profesionais na súa consulta privada que vén de abrir na rúa do Curro de Noia.

A Pepe Agrelo

Ramón Caride

Relembraremos sempre
o brillo da túa ollada,
desfacendo incertezas,
procurando a ledicia,
a forza, a luz, a vida,
a esperanza, a roseira
das ilusións acesas
nas horas máis grisallas.

Gardaremos no fondo
máis íntimo do noso
a túa voz amiga
rexa, certa, valente
ardendo coma un facho
no lume da memoria
coa quentura do lar
que espaventa as tristuras.

E saberemos sempre
que foi un privilexio
ter compartido as horas
as palabras, o alento,
as cuncas de ribeiro
os libros, a amizade.
Non debía haber morte
que leve tanta vida.

Non, non debía haber morte,
mais non haberá esquezo.



Futbol

Noya S.D. 1973/1974



Ricardo Güeto Soñara

Mentres comezaba a preparar este artigo chegoume a lamentable noticia do pasamento do meu amigo Pepe Agrelo ao que lle dedico este artigo xa que presentou o meu primeiro libro NOYA C.F. 1928- 2001 no Coliseo Noela no mes de marzo de 2001. El escribiu un artigo sobre o afundimento do buque Castillo de Belver, no que ía de mecánico meu irmá, isto foi na revista alameda nº 16. O meu máis sentido pésame.



PRESENTACIÓN DO LIBRO NOIA 1928-2001, NO COLISEO NOELA. DE DEREITA A ESQUERDA, XOSÉ AGRELO, FRANCISCO MIGUÉNS, ARTURO ABEIJÓN, RICARDO GÜETO E O PRESENTADOR DA T.V.G. TERIO.

Despois de deixar a tempada 72/73 o Noya S.D. xogaba a súa 4ª edición na liga da Costa cando esta xa ía pola 11ª.

O club noiés xa era moi coñecido por eses lares con dous campionatos no peto e outros trofeos que lle daban un grande prestixio.

Salientar que esta tempada desaparecía o outro equipo da Vila o Club Industrial C.F. que xogou as dúas últimas tempadas na liga do Sar.

Igualmente destacaremos neste artigo os dous equipos da ría Muros-Noia como son Esteirana e Outes C.F. así como tamén algún que outro tema deportivo da tempada.

Era presidente do Noya por 3º ano consecutivo D. Ramón Vilas e o adestrador o padronés Ramón Dopazo “Romaní”.


Vicepresidente: Miguel Fernández Pestonit; Secretario: José Luis Rodríguez Louro e tesoureiro: José Manuel Martínez Abeijón

A Plantilla estaba composta por Manolo, Severo, Maneiro, Izaguirre, Mayo, Lugo, Cholas, Nando, Canelas, Chero, Miculita, Juanatey, Mario, Lete, Alfonso, Carlos, Ríos, Diez II, García, Manin e outros xuvenís, tamén hai que contar con Matito que debuta nun partido xogado contra Outes.

O campionato de liga comeza o 1/1/74 e participan 11 equipos que son os seguintes: C.D. Bayo, U.D. Carnota, U.D. Cee, U.C. Corcubión, S.D. Esteirana, S.C.D. Malpica, S.D. Negreira, Noya S.D., Outes C.F., C.D. Porteño e Xallas C.F.

1ª xornada: Corcubión 1 - Noya 3; Outes 3 - Cee 1 e Malpica 2 - Esteirana 3, foi unha boa xornada para os equipos da Ría.

2ª xornada: o 6/1/74 debuta o Noya en San Alberto ante o Malpica onde o golea por un contundente 6 a 0; no campo de San Artón, Esteirana 2 - Outes 0 no primeiro derbi da Ría.



MANIN, MÁXIMO GOLEADOR DO NOYA S.D. E DA LIGA 73/74,
COLLENDO O TROGEO CHACHO.

3ª xornada: o 13/1/74 primeiro derbi do equipo noies, foi no campo do Bosque na Serra onde empata 1 a 1 ante o Outes C.F.; mentres o Esteirana sae goleado por 4 a 1 no Ponte do Porto ante o Porteño.

4ª xornada: o 20/1/74 en San Alberto o Noya S.D. golea ao Porteño por 4 a 0. O Esteirana gaña por 2 a 1 ao Xallas de Santa Comba e o Outes perde por 2 a 1 en Baio.

5ª xornada: 27/1/74 o Noya gaña por 3 a 4 no campo do Carreiro de Santa Comba ao Xallas nun partido bastante polémico coa afección local. No que se refire aos outros equipos o Outes perde por 2 a 3 ante o Negreira e o Esteirana perde en Cee por 2 a 1.

6ª xornada: 3/2/74 o Noya gaña ao Cee por 2 a 1 no campo de San Alberto mentres que o Outes perde en Carnota por 6 a 2. Nesta xornada descansa o Esteirana.



5 XOGADORES DO NOYA, S.D. DAQUEL
ENTÓN, MARIO, DIEZ II, ALFONSO. DE
XEONLLOS: PEDRO GARCÍA, LETE E DANIEL

7ª xornada: 10/2/74 no Artón de Esteiro o Noya no seu 2º derbi golea a o Esteirana por un contundente 0 a 4.

Mentres que o Outes non pasaba do 0 a 0 en Corcubiión.

8ª xornada: 17/2/74 o Noya descansaba e o Esteirana gaña en Baio por 2 a 3 e o Outes en Malpica por 0 a 1.

9ª xornada: 24/2/74 o Noya gaña en San Alberto por 2 a 0 ao histórico Baio, o Esteirana empata 3 a 3 na casa do



O NOYA S.D. 73/74 NO SAN ALBERTO CO SEU ADESTRADOR RAMONI E NO CENTRO MANOLITO DE D. GERARDO E UN FAMILIAR.

Negreira mentres o Outes tocáballe descansar.

10ª xornada: 3/3/74 no campo do Cepelo (Negreira) xógase o partido da xornada con grande afluencia de público e o Negreira sucumbe ante o Noya por 2 a 4. O Esteirana gaña por 2 a 3 en Carnota e o Outes perde no campo do Bosque co Porteño por 3 a 6.

11ª xornada: 10/3/74 terminaba a primeira volta e o Noya desfai de Carnota no campo de San Alberto por 5 a 1, o Esteirana golea ao Corcubión por un avultado 7 a 0, mentres que o Outes consegue un empate a 1 ante o Xallas no campo deste último.

A 2ª volta e **xornada 12ª** con data 17/3/74 o Noya golea ao Corcubión por un contundente 7 a 0, o Outes perde en Cee por 1 a 2 e o Esteirana gaña 1 a 0 ao Malpica.

13ª xornada: 24/3/74 o Noya gaña *in extremis* no campo da Pedra Queimada ao Malpica por 0 a 1. O derbi entre o Outes e Esteirana termina por 3 a 0 a favor dos da Serra.

14ª xornada: 31/3/74 derbi en San Alberto contra o Outes cunha grande asistencia de público, o Noya gáñalle por 2 a 0 nun partido moi duro. Pola súa banda o Esteirana facía a goleada da tempada ante o Porteño no campo do Artón por 12 a 0.



O NOYA S.D., TEMPADA 73/74 NO CAMPO DE SAN ALBERTO

15ª xornada: 7/4/74 o Noya S.D. desprázase a Ponte do Porto onde gaña por 1 a 2 ante o Porteño, por outro lado dicir que o Outes vence por 3 a 1 ao Bayo na casa e o Esteirana en Santa Comba ao Xallas por 0 a 2.

16ª xornada: 14/4/74 no campo de San Alberto Noya 3 - Xallas 0, Esteirana 3 - Cee 0 e Negreira 2 - Outes 0.

17ª xornada: 21/4/74 no campo das Raíces de Cee novo triunfo do Noya por 1 a 3, triunfa tamén o Outes no campo do Bosque por 3 a 2 ante o Carnota. O Esteirana descansa esta xornada.

18ª xornada: o 28/4/74 duelo en San Alberto con outro cheo, o Noya vence ao Esteirana por 2 a 0 mentres o Outes gaña ao Carnota a domicilio por 0 a 1.

19ª xornada: 5/5/74 o Noya descansa mentres os equipos da ría fixeron estes resultados; Esteirana 4 - Bayo 2 e Outes 1 - Malpica 0.



O NOYA S.D. E O C.D. BAYO NUNHA HOMENAXE AO CONXUNTO DO BAYO

20ª xornada: goleada do Noya no campo do Balsiño contra o Bayo por 0 a 6, o Esteirana perde a domicilio ante o Negreira por 2 a 0 e o Outes descansa.

21ª xornada: 19/5/74 con outro cheo no vello estadio noiés o equipo local empata a 1 co Negreira. O Esteirana perde no seu feudo contra o Carnota 2 a 4 e o Outes empata a 1 no Ponte do Porto ante o Porteño.

22ª xornada: 26/5/74 última xornada do campionato o Noya proclámase campión de liga con varias semanas de antelación e no seu derradeiro partido gaña no campo de Lombáns ao Carnota por 1 a 2; os demais equipos da liga da ría finalizan con estes resultados, Outes 3 - Xallas 0 e Corcubión 2 - Esteirana 2.

Terminada a liga e esta foi a clasificación final:

Campión o Noya: X 20, G 18, E 2, P 0, G.F. 64, G.C. 13 Puntos 38+18.

2º Negreira.

3º Esteirana: X 20, G 10, E 3, P 7, G.F. 56, G.C. 31 Puntos 23+4.

4º Outes: X 20, G 8, E 4, P 8, G.F. 31, G.C. 33 Puntos 20.

5º Cee, 6º Xallas, 7º Porteño, 8º Corcubión, 9º Bayo, 10º Carnota, 11º Malpica.

Na XI edición da Copa da Costa o Noya é Campión facendo dobrete, para iso tivo que eliminar a dobre partido aos seguintes equipos: o Malpica 2 a 1 e 4 a 0, o Xallas 2 a 2 e 4 a 2, mentres que na final, con 2 derbis impresionantes co Esteirana, 3 a 2 en San Alberto e 2 a 3 a favor do Noya no recinto do Artón.

Gran campaña do Noya que se vería frustrada coa fase de ascenso á Rexional Preferente ante o Brigantium de Betanzos en San Alberto, Noya 1 - Betanzos 0; e na volta perdemos por 3 a 1 (sería este o único partido que o Noya perdeu esta tempada), dicir que no Brigantium era porteiro Paco Buyo que despois sería porteiro de



NOYA S.D. NO SEU CAMPO DE SAN ALBERTO 73/74.



SEVERINO PÉREZ "SEVERO". TEMPADA 73/74, PORTEIRO DO NOYA D.F.

equipos como o Deportivo, Sevilla, Real Madrid e selección Española.

O máximo realizador do Noya S.D. na liga foi Manín así como tamén do campionato. Deste modo gañaría o trofeo Chacho.

No Noya esta tempada xogaba algún partido de porteiro Izaguirre, fillo do exporteiro internacional de varios equipos de 1ª división Ignacio Izaguirre.

Destacar tamén que o Noya xoga o campionato galego de afeccionados chegando a oitavos de final.

En xuvenís o equipo xoga no grupo 7º quedando no 3º posto, unha das alineacións máis clásicas era: Severo, Santos, Currucho, Quintans, Tajés, Ferreiro, Chano, Calvo, Pedro, Areoso, e Daniel (algúns deles alternaban co 1º equipo).

A economía do club a 31/1/74 era de 117.559 ptas.

Destacamos agora outros datos dos equipo galegos en categoría nacional:

O Celta era o único equipo de 1ª división quedando de 12º na clasificación con estes números:



O NOYA S.D. NA CONQUISTA DUN TROFEO 73/74

X 34, G 12, E 6, P 16, GF 43, GC 49 con 30 puntos nun campinato de 18 equipos. Foi campión o F.C. Barcelona.

A plantilla do Celta estaba formada por: Aguerre, Alarcia, Sánchez (porteiros), Domínguez, Villar, F. Amado, Sanromán, Jiménez, Rivera, Aparicio, Rivas, J. Antonio, Rodilla, Doblás, Juan, Navarro, Canario, Lezcano, Manolo, Hidalgo, Gestoso, S. Castro e Navas o adestrador era Juan Arza e o seu presidente Antonio Vázquez na súa 1ª tempada.

Na 2ª división estaban o Ourense e o Deportivo nunha 2ª división única de 20 equipos e estas foron as súas clasificacións.

O Ourense foi 12º, X 38, G 13, E 12, P 13, G.F. 43, G.C. 46 puntos 38.

O Deportivo foi 18º, X 38, G 11, E 6, P 21, G.F. 36, G.C. 63 puntos 28 e descende a 3ª división.

Os partidos entre eles quedaron cos seguintes resultados: En Riazor Deportivo 3 - Ourense 1 e no campo do Couto Ourense 2 - Deportivo 0.

No Ourense era presidente Antonio

Docobo e adestrador León Lasa relevado por J.A. Naya e os xogadores os seguintes: Fonseca, José Luís, García Blanco, Varela Pérez (que despois xogaría no Noya), Montenegro, Santamaría, Pastenak, Carriles, Mantecón, Pousada, Antonio, Casimiro, Fuertes, Teixido, Álvarez, Pablo, Castro, Laguna, García, Pachin, Ordax, Quirós, Valdés, Acedo, M. Tomé, Saa, Orue e Eloy.

No Deportivo o presidente era Sánchez Candamio substituído por Antonio Álvarez, como adestradores tivo 4 por esta orde Fernando Riera (Chileno), C. Torres, Orizaola e Irulegui.

A Plantilla estaba formada por: Seoane, Aguilar, Canelo, Bustillo, J. Carlos, Collazo I, Collazo II, Robadeira, Plaza, Zubazaga, Cortés, Loureda, Richard, Bordoy, Pardo, Seijas, Cholo, Cervera, Cobas, Muñoz, Vava, David Vidal, Luis, Beci, Piña, Bello, Vales e Piño.

Na 3ª división no seu grupo 1º había 4 equipos galegos que foron estes por orde de clasificación: 3º Pontevedra, 4º Racing de Ferrol, 9º Lemos, 10º Lugo sendo o campión o C. Leonesa.

O próximo capítulo será a da tempada o 75/76 motivado pola circunstancia de que a tempada 74/75 se editou no nº 14 (marzo 04). Nel narrábase unha das etapas máis gloriosas do fútbol noiés, cando o Noya S.D. foi campión galego de afeccionados, ascenso a preferente, campión do I trofeo Conde de Fenosa, etc.



X. Pastor Rodríguez Santamaría

Letras galegas 2006. Lugrís Freire

A Real Academia Galega decidiu dedicar o Día das Letras Galegas de 2006 a quen fora o seu presidente de 1934 até mediados de 1935, **Manuel Lugrís Freire**. Republicano e galeguista estivo presente en todas as causas e iniciativas de defensa da lingua galega, de Galicia e da cultura. Membro das Irmandades da Fala, da Liga Gallega, de Solidaridad Gallega e do consello executivo que redactou os estatutos do Partido Galeguista, sen esquecer que foi un dos creadores do anteproxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia. Nado en Sada en 1863, estivo emigrado na Habana, cidade na que se deu a coñecer como xornalista, poeta e dramaturgo. Falecerá na Coruña en 1940, en momentos terribles para Galicia e tamén terribles para el, pois foi obrigado a morrer no seo da igrexa católica para evitar represalias sobre a súa familia. Todo aquilo que contribuíra a crear estaba derrubado.

Cultivou todos os xéneros literarios e sen ser unha figura literaria de primeira magnitude, ten unha importancia histórica indiscutible. Foi o primeiro orador político en lingua galega, o verdadeiro creador do teatro contemporáneo galego, narrador popular, dramático e membro do Seminario de Estudos Galegos. A conmemoración das Letras Galegas 2006 contribúe, sen dúbida, a revalorizar a súa figura histórica, mais tamén a reexaminar a súa obra literaria, ás veces tratada con inxustiza.


LUGRÍS POETA

Emigrado en Cuba, os seus versos comezaron a aparecer en diferentes xornais, entre os que se poden citar *A Gaita Gallega* (1885-1889), o primeiro xornal escrito integramente en lingua galega en América. En 1894, prologado por Curros Enríquez, apareceu o seu primeiro volume poético, *Soidades*. Carballo Calero xulgou a obra con certa dureza, afirmando que abundaban nela os tópicos, moi próximos a outros poetas da súa xeración, xeración que agrupa aos continuadores do Rexurdimento,

que o citado profesor cualificou de epígonos, mentres outros estudiosos prefíren falar de Escola Formalista ou de Xeración de Tránsito, pois serven de ponte entre as grandes figuras do século XIX e Cabanillas. En 1896 regresou a Galicia e continuou o seu labor como poeta e así, en 1901, apareceu o seu segundo poemario, *Noitebras*, que amosa un grande progreso no emprego da lingua galega, cun ideal máis culto, e cun estilo máis nobre, sen esquecer unha versificación moito máis segura. É un poemario moi influído polos seus desgustos íntimos, o que lle dá un maior ton persoal e sinceridade.


En 1919 publicou *Versos de loita*, con maior perfección formal e con ecos modernistas moi evidentes. Pero a súa mellor obra é a que aparece en 1927, *Ardencias*, onde amosa unha boa versificación e a carón de riscos modernistas procedentes de Rubén Darío, aparecen xa as influencias de Cabanillas, mais sen esquecer a pegada profunda do seu mestre Eduardo Pondal, e mesmo influencias do seu compañeiro de xeración Florencio Vaamonde Lores nos poemas máis formalistas. Os seus temas son fundamentalmente a Patria, o amor e a natureza. En 1928 apareceu o folleto *As mariñas de Sada*, con poemas xa editados e algunhas novidades que non aportaron nada importante xa á súa poética.

Na recuperación da figura de Lugrís a poesía foi, quizais, a menos valorada



e así, que saibamos, non se reeditou completo ningún dos seus volumes. Con todo moitos dos seus poemas foron incluídos en antoloxías como a preparada por Xabier Campos Villar, que introduciu once textos moi significativos da poesía de LUGRÍS, dende homenaxes a Pondal e a Curros, cantos a Galicia, poemas costumistas e lendas. Xosé Luís Axeitos e Xosé Ramón Barreiro prepararon o volume *Manuel LUGRÍS Freire. O compromiso*, que foi distribuído co xornal *La Voz de Galicia* o 17 de maio deste ano. A carón de textos epistolares, contos e discursos, incluíron algúns poemas dispersos e mesmo inéditos, coma o titulado “Colón” ou “Ao meu amor vello”, sen esquecer reeditar tres das súas pezas poéticas máis coñecidas, “A Patria”, “Cántiga dos Amigos da Fala” e “Oración à Fala”. O segundo poema pode servir de bo exemplo da súa obra poética:

*Na fala gallega vive
A yalma da nosa terra;
A redención de Galicia
Nos seus acentos latexa.
Pobo que o seu verbo esquece
traidor á natureza;
Como irmans todos falemos
A nobre fala gallega.*



*Amigos da fala somos,
Y-o amor de Galicia sea,
Xa que de todos é nai,
Quen nos xunte e nos protexa.*

Carballo Calero, non demasiado xeneroso coa poesía de LUGRÍS, concluía que estabamos ante un poeta apreciable, pero sen o vigor dos modelos dos que partía e que a súa poesía era a propia dun romántico de ton oratorio.


LUGRÍS NARRADOR

Un dos aspectos que se coñece mellor da obra de LUGRÍS Freire é o da súa narrativa. En 1908 publicara un breve folleto co título *Contos de Asieumedre*, que foi o seu pseudónimo habitual para este xénero literario. Trátase de contos de raizame popular, que apareceron maioritariamente en *A Nosa Terra*. A obra tivo bastante éxito e en 1909 apareceu unha segunda edición co mesmo título e con ilustracións de Fernando Cortés. Outra edición máis apareceu en 1920. En 1970 unha popular colección de peto, *O Moucho*, da editorial Castrelos, publicou unha pequena antoloxía co título *A carón do lar*. Xa no ano 2000 o mellor especialista na súa obra narrativa, Xabier Campos, editou *A obra narrativa en galego de Manuel LUGRÍS Freire*. O volume recolle todos os contos de LUGRÍS e ademais unha novela curta publicada en 1884 en


El Eco de Galicia da Habana, titulada *O penedo do crime*. O volume xa citado de Axeitos e Barreiro reedita de novo catorce dos relatos e engade outros catro que considera inéditos. Para Carballo trátase dun tipo de contos de propaganda rexionalista, en estilo popular e coa intención de fomentar o interese polos textos galegos en prosa, pero que están eivados de convencionalismos ideolóxicos e literarios, faltándolle a autenticidade que teñen os relatos do seu compañeiro de xeración Labarta Pose. En xeral, Xabier Campos considera que todos eles teñen un verniz realista, mesmo os que teñen contido alegórico ou se ambientan no pasado, destacando o seu forte contido social e reivindicativo. Defensa da liberdade e da xustiza, ataques ao caciquismo e chamadas á unión de todos os galegos. Tamén Modesto Hermida sinalou o carácter propagandístico dos relatos, se ben lle concede máis valores literarios dos que sinalou Carballo Calero. Xa os seus contemporáneos percibían ese carácter propagandístico e folclórico dos contos de Lugrís, pois na recensión que Carré Aldao fixo para a edición de 1908 fala de “*hermosos e intencionados cuentos*”, edición que “*repartirá Solidaridad Gallega en su propaganda por nuestras aldeas*” e “*los cuentos de Asieumedre, tan populares ya, se harán más de día en día y ellos contribuirán a enriquecer el folklore gallego*”.

LUGRÍS GRAMÁTICO

En 1922 Manuel Lugrís, que era membro fundador da Real Academia Galega, publicou a súa *Gramática do Idioma Galego*, que é a primeira escrita integramente na




nosa lingua se facemos excepción dun breve folleto de Leandro Carré publicado en 1919. Foi xulgado ás veces con moita dureza neste labor gramatical, sinalando a súa dependencia da histórica gramática que Juan Antonio Saco y Arce publicara en 1868, mais esquecendo os valores reais que a obra tiña. Recentemente reeditada polo Consello da Cultura Galega, o seu prologuista, Er-



LUGRÍS NA CORUÑA CO PRESIDENTE ALCALÁ-ZAMORA



LUGRÍS POR CEBREIRO



nesto González Seoane, destacou acertadamente os seus méritos. Supón unha “ruptura coa práctica tradicional de considerar a gramática do español como norma subsidiaria para o galego”, é dicir, supera a dependencia que até agora tiñan os gramáticos galegos respecto do español, no que coincide co ideario propio das Irmandades da Fala.

En segundo lugar, ten a novidade de poñer o novo ideal lingüístico máis aló do modelo popular de Saco, acercando o galego máis a unha consideración de lingua urbana e poñendo o feito literario como máis importante que a tradición popular. Quizais o que provocou o maior rexeitamento da obra foi o seu carácter non descritivo, senón prescribible. Outro dos méritos da obra foi a defensa do dereito que tiña a lingua galega a modernizar o seu vocabulario. Non pode esquecerse tampouco o feito, raro para a época, do seu éxito, pois en 1931 saíu do prelo unha nova edición. A gramática está dividida en cinco partes: *Fonética, Morfoloxía, Sintaxe, Aditamentos* (modismos, toponimia, castellanismos ...) e para remate *Mostras literarias*, epígrafe este último no que inclúe textos literarios de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Murguía, Florencio Vaamonde, Carré Aldao, Castelao, Cabanillas, Martelo Paumán, Salvador Golpe, Urbano González Varela e Asieumedre, ademais de varias cántigas populares. Ao final da obra figura ademais un vocabulario galego-castelán.

A gramática de LUGRÍS cumpriu, sen dúbida, un papel importante como obra de consulta nun momento en que a maioría das gramáticas existentes estaban xa fóra do mercado e, ademais, co mérito engadido de facelo integralmente en galego. Non era un gramático profesional, senón un afeccionado con grande amor á lingua galega e cubriu un espazo que outros máis preparados non quixeron ou non puideron facer.

LUGRÍS ORADOR

Importante orador segundo as testemuñas da época, a súa palabra era de carácter emocional e lírico. Foi o primeiro orador en lingua galega nun mitin político, o seis de outubro de 1907, nun acto de Solidaridad Gallega celebrado en Betanzos, que recentemente lembrou a Real Academia Galega, repetindo varios académicos o discurso de LUGRÍS. É unha afervoadada defensa do campesiñado, mais tamén do seu risco característico, a lingua galega, da que dicía “*é sagrada para nós, por ser un herdo dos nosos antepasados, deixaron caer a súa bulra os estúpidos que renegan do que nin siquiera renegan as feras, quero hoxe, repito, falarvos na nosa fala, porque é unha fala honrada, na que aínda non se furtou, na que non se escribiron os recibos dos consumos, nin as notificacións de embargo das vosas facendas, nin a declaración de soldados que arrinca dos vosos lares os fillos cando vos fan máis falta para o duro traballo da terra.*” Os ataques ao caciquismo, a preocupación pola emigración e o desexo de unión dos labregos conforman este pioneiro discurso. A oratoria galega colle, pois, un novo pulo, aínda



que contaba con algúns antecedentes importantes, pois xa en 1889 o sacerdote Francisco Suárez Salgado pronunciara un discurso en Bos Aires en memoria de Rosalía e tamén o líder do Rexionalismo, Alfredo Brañas, falou en galego nos Xogos Florais de Tui de 1891 e de novo en 1899 en Compostela, outra vez na honra de Rosalía.

LUGRÍS DRAMATURGO

Foi o teatro o xénero literario que máis éxitos lle trouxo a Lugrís e unha das súas primeiras ocupacións, pois xa en 1884, na emigración cubana, escribe e fai lecturas públicas da peza *A costureira d'aldea*, que se estreou en 1885 e que permaneceu inédita até hai ben pouco. Pero será *A ponte*, escrita para a Escola Rexional de Declamación, da que foi un dos fundadores e coa que estrea esta obra en 1903, a primeira obra moderna do teatro galego. Obra polémica dende o comezo, peza de teatro social de ambiente mariñeiro, non lonxe da dramaturxia socializante que facía en español Joaquín Dicenta. A crítica subliñaba a excesiva carga ideolóxica e a solución violenta que daba ao problema do caciquismo. Mais estas críticas eran tamén ideolóxicas, feitas dende unha mentalidade conservadora e, malia ás súa eivas, mantén notable forza sendo aínda reeditada neste ano 2006.

En 1904 publica e estrea dúas novas pezas, *Minia* e *Mareiras*, que continúan o esforzo de dotar ao teatro en lingua galega de obras de ambiente actual e con problemas moi presentes na sociedade galega. En 1906, ano no que é Presidente da Liga Gallega, publica *Esclavitú*, outro drama da súa primeira etapa como dramaturgo. A segunda etapa do seu teatro ten lugar xa no tempo das Irmandades da Fala e inclínase agora cara á comedia, coas obras *O pazo* (1917) e *Estadeña* (1919).

Mesmo os críticos e historiadores que, como Carballo Calero, non foron moi benevolentes co seu teatro, sinalaron o seu grande esforzo pola creación dunha dramaturxia galega, poñendo os alicerces dun teatro en prosa, social e mariñeiro, aínda que lle censura o seu excesivo ton propagandístico e o simplismo das obras. Unha valoración máis ponderada amosa o *Diccionario da Literatura Galega*, que reconece certos logros técnicos que foron un avance para a súa época, aínda que tamén sinala como riscos característicos o seu didactismo e a carga excesivamente literaria dos textos. Pioneiro no estudo do teatro de Lugrís foi o volume de Francisco Pillado Mayor *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, editado en 1991, que non foi tampouco moi favorable á dramaturxia do autor, do que censura o seu estatismo e a falta de vida




REEDICIÓN D'A PONTE

propia das personaxes, simples pretextos a través dos que se expresa o autor. O volume tivo o mérito de recoller as críticas da época sobre o teatro de Manuel Lugrís, favorables ás máis rexionalistas e con moitas prevencións ás máis contrarias a este movemento. Na época das Irmandades, Leandro Carré sinala-

ba a grande forza dramática d' *A ponte*, as críticas ao caciquismo, aínda que censuraba o exceso de monólogos.

CERVANTES E COLÓN EN LUGRÍS

O ano pasado celebrábase en todo o mundo o IV Centenario da publicación da primeira parte do *Quixote*, celebración que tamén tivo presenza en Galicia e nas páxinas desta revista. Cando se celebrou o III Centenario en 1905, os rexionalistas galegos fixérono publicando o folleto *El centenario del Quijote en Galicia* (A Coruña, Liga de Amigos de La Coruña, 1905). O seu interese na obra cervantina viña dado pola defensa que Cervantes fai do emprego das linguas maternas e así nomes significados do Rexionalismo galego como Carré Aldao, Salvador Golpe, Eladio Rodríguez, Galo Salinas, González Varela, Aurelio Ribalta colaboran neste folleto e con eles Manuel Lugrís Freire coa prosa en castelán titulada "*Cervantes y Camõens*", texto moi esquecido do noso autor por estar escrito en lingua castelá. Comeza Lugrís sinalando a orixe galega dos apelidos de Cervantes e asegura que "*todo induce a creer que Miguel de Ceervantes Saavedra, el escritor sin igual que ha dado su nombre a la hermosa lengua de Castilla, es oriundo de Galicia, y que la sangre de nuestra raza circuló por sus venas e inundó su cerebro para encender en él la esplendorosa llama que deslumbró al mundo*". Logo sinala tamén a procedencia galega de Camõens, para concluir que "*los dos escritores más egregios del siglo XVI, siglo de transición en el cual los grandes hombres depositaron la levadura de las ideas, para la gloriosa resurrección de la edad moderna; los dos genios que llenaron con sus nombres la literatura de Castilla y Lusitania, llamando hacia ellas la atención universal, eran oriundos de Galicia*". Pero o que de verdade lle interesa é sinalar a superioridade dos pobos que gozan de dúas linguas, pois "*en este*



nobilísimo solar háblanse, y continuarán hablándose, los dos ricos idiomas que disfrutaban el dominio de la mayor parte de Iberia. Los gallegos son, como los franceses meridionales, hombres superiores, porque hablan dos lenguas... ¡Qué hermoso centenario el del siglo XXI si, desaparecido el analfabetismo, pudieran los gallegos todos compartir la lectura del Don Quijote y de Os Lusias en los idiomas en que sus inmortales autores los escribieron!". Cervantes e a súa famosa novela aparecerán outras veces na argumentación de Lugrís para sinalar nalgúns casos a importancia da literatura, do que é boa mostra o que escribe en 1924: "*Fala máis da Hespaña Don Quixote que total-as historias daquel tempo, falto de libertade e de crítica científica para buscar a verdade*".

Estamos neste 2006 no centenario da morte de **Cristóbal Colón**, o descubridor de América que moitos estudosos galegos supoñen nado en Galicia. A aventura colombina foi sempre un punto de referencia do nacionalismo español, mais rebordouno amplamente e tivo tamén presenza na literatura galega, do que é bo exemplo *Os Eoas* de Pondal. Lugrís, discípulo de Eduardo Pon-

dal, non escapa a esa fascinación polo almirante e así xa no seu primeiro volume *Soidades* publica o poema “Colombo”:

*Para gabar as grorias do seu nome
fora pequena inspiracion d’Homero,
enteca a rima de Camõens, e debles
as estrofas valentes de Tirteo.
Contouno o mar c’as feras tempestades
batendos de cotío os hemisferios:
a ciencia proclamouno como sabio,
y-os sabios o lembraron como xenio.
Seu nome vivirá mentras o mundo
xire ô rente do sol sobre os seus eixos,
terá por canto a universal historia
e dous mundos terá por monumento.*

Esta visión épica e convencional da gloria de Colón terá logo unha diferente lectura en Lugrís no momento no que aló polos anos da década de 1920, cando está en discusión a verdadeira patria do almirante, para moitos un galego que agochara o seu verdadeiro berce. Axeitos e Barreiro editaron como inédito outro poema titulado “Colón”:


*¿Qué, foi galego Colón?
Nin o afirmo nin o nego.
Por min, pode ser galego
Ou ser chino de Cantón.
Non pasan pouco traballo
Furgando en vellos papeis
Catro sabios do revés
Co máis pedante arruallo.
El nada quixo falar
En col do seu nacimiento;
Nin sinal nin documento
Se poido aínda atopar.
Mais se en Galicia foi nado
E adrede o caso calou,
O bon senso o designou
Gran patrón do renegado.*

Bibliografía

- ASIEUMEDRE: “Curros Enríquez”, *A Nosa Terra*, nº 198, 01 – 03 – 1924.
- BARREIRO, Xosé Ramón e Xosé Luís AXEITOS: *Manuel Lugrís Freire. O compromiso*, A Coruña, La Voz de Galicia, Biblioteca Gallega, 2006.
- CAMPOS VILLAR, Xabier: *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, Santiago, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro, 2000.
- CAMPOS VILLAR, Xabier: *Diccionario Manuel Lugrís Freire*, Ames, tresCtres, 2006.

- CAMPOS VILLAR, Xabier: *Lugrís Freire. Unha biografía*, Vigo, Galaxia, 2006.
- CARBALLO CALERO, Ricardo: *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo, Galaxia, 2ª ed., 1975.
- CARRÉ, Leandro: “A moderna orientación do teatro galego”, *A Nosa Terra*, nº 184, 01 – 05 – 1923.
- E.C.A. (Eugenio Carré Aldao): *Bibliografía. Contos de Asieumedre, 16º, 32 páxinas, A Cruña, 1908”, A Nosa Terra*, nº 57, 08 – 10 – 1908.
- FERNÁNDEZ COSTAS, Xosé Manuel: *Manuel Lugrís Freire: a fe na causa*, A Coruña, Baía, 2006.
- LUGRÍS FREIRE, Manuel: *Antoloxía*, Vigo, Galaxia, 2006. Ed. de X. Campos Villar.
- LUGRÍS FREIRE, Manuel: *A ponte*, Vigo, A Nosa Terra, 2006.
- LUGRÍS FREIRE, Manuel: *Gramática do idioma galego*, Santiago, Consello da Cultura Galega, 2006. Limiar de Ernesto González Seoane.
- PILLADO MAYOR, Francisco: *O teatro de Manuel Lugrís Freire*, Sada, O Castro, 1991.
- PILLADO MAYOR, Francisco: *Na outra banda da ponte (Materiais para un espectáculo didáctico sobre Manuel Lugrís Freire)*, A Coruña, Deputación Provincial, 2006.
- PILLADO MAYOR, Francisco: *Manuel Lugrís Freire*, A Estrada, Fervenza, A Pinguela, nº 37, 2006.
- RODRÍGUEZ SANTAMARÍA, Xoán Pastor: *Cervantes e o Quixote en Galicia*, Noia, Toxosoutos, 2005.
- VV.AA.: *El centenario del Quijote en Galicia*, A Coruña, Liga de Amigos de La Coruña, 1905.
- VÁZQUEZ SOUZA, Ernesto: “Sobre a morte de Lugrís”, *A Nosa Terra*, nº 1.216, 23/29 – 03 – 2006, p. 35.
- VIEITES, Manuel F. (Ed.): *Manuel Lugrís Freire. Do texto ao escenario*, Vigo, Galaxia/Xunta de Galicia, 2006.
- VILAVEDRA, Dolores (Coord.): *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo, Galaxia, 1995.

Escala en Lourdes



Jaime Pérez Roget

En contra de los sentimientos de mucha gente que me dice que no les agrada visitar Lourdes para no tener que contemplar parte de los 80.000 enfermos que anualmente se concentran en los Santuarios, debo reconocer que cuando por distintos motivos realizo un viaje a Centroeuropa no puedo pasar de largo sin detenerme allí varios días para relajarme contemplando a lo largo de varias horas al día la fe y la esperanza que se observa en los rostros de los enfermos, de sus familiares y de parte de los 100.000 voluntarios que, adaptándose a una rigurosa organización, otorgan un especial trato a los primeros para que, dentro de su desgracia, puedan acceder y estar presentes en primera fila en los actos a los que asisten movidos por la fe esparcida mundialmente por las 18 apariciones que vivió Bernadette. Luego, con el recinto religioso a mis espaldas, me dejo arrastrar por la “masa lúdica” en donde los grupos de peregrinos de más de 170 países se divierten dentro de ese normal orden de buenos modos y sana alegría que siempre impera en esos viajes de peregrinación. Por ello, yo que nunca he ido a Lourdes buscando repuestas y sí la paz que allí se respira, me siento reconfortado en un ambiente de dolor atenuado por el buen hacer prodigado a los enfermos y por la “riada” multitudinaria de peregrinos tan distinta a la que se respira en cualquier otra ciudad to-

mada por las prisas, los empujones y, con frecuencia, los malos modos. Realmente, debo reconocer que las vivencias dentro del recinto religioso de Lourdes pueden ser **dolorosamente bellas** si uno es capaz de superar el dolor que produce ver a tantos enfermos y centra su atención en la labor que llevan a cabo todos los silenciosos voluntarios desplegando sus cometidos sin pedir a cambio otra cosa que no sea la satisfacción de una buena obra en beneficio de los necesitados. No es extraño, por lo tanto, sentirse **enamorado** de lo que sucede dentro del recinto religioso sin alterarse ni sentirse incómodo por el deambular bullicioso de los peregrinos en las calles adyacentes.

Así como en anteriores ocasiones no buscaba respuestas, esta vez sí necesitaba aclarar determinadas dudas en las que se entremezclaban lo religioso y su entorno. Y ahí fue donde tuve la suerte de cara al encontrarme con una religiosa colombiana —**la Hna Martha Acosta**— que, haciendo gala de toda su paciencia informativa ante mi pesadez, superó con mucho sus obligaciones informativas e hizo de “puente” para que pudiese entrevistar a don **Teótimo González**, sacerdote coordinador español que, procedente de Valladolid, lleva ya a sus espaldas el peso por **tres** continentes y **veinte** destinos distintos.

P.- ¿Cuánto tiempo en Lourdes, don Teótimo?

P.- Ahora mismo estoy superando los 10 años.

P.- ¿Tanto tiempo en un mismo cargo no conlleva una cierta rutina?

P.- Esto jamás es una rutina porque, además de ser una labor que enaltece, diariamente hay que superar muchos retos. Es una labor bonita y hace feliz al que la realiza con entusiasmo.

P.- ¿Cuántos peregrinos pasan al año por Lourdes?

P.- Ahora mismo el número es superior a los

6.000.000, de los cuales 80.000 son enfermos. Estos peregrinos pertenecen a más de 170 países.

P.- Además de usted, ¿cuántos sacerdotes prestan aquí sus servicios?

P.- El número de sacerdotes fijos está en 28, pero diariamente se pueden ver muchos más si tenemos en cuenta los que viene al frente de sus peregrinaciones.

P.- ¿Y empleados?

P.- Hay 410 fijos. Claro que este número resultaría escasísimo si no se contase con los voluntarios.

P.- ¿Son muchos esos voluntarios?

P.- Cada año vienen más de 100.000 voluntarios, que son los que colaboran en todo lo concerniente a los enfermos y demás labores de apoyo. Luego hay otros 9.000 a mayores.

P.- ¿Entre esos voluntarios habrá gente económicamente importante?

P.- Si, hay voluntarios muy ricos. Entre ellos también españoles. Lo que sucede es que estos voluntarios tienen sus cometidos en los baños u otros servicios en los que pasan un tanto desapercibidos. No desean publicidad.

P.- ¿Cómo hacen ustedes frente a los gastos que aquí se generan?

P.- Nos autofinanciamos con las aportaciones de los peregrinos. Debemos tener en cuenta que existen donativos muy importantes que son la base de nuestra autofinanciación.

P.- Supongo que el gobierno francés ayudara...

P.- Nada. El gobierno no se inmiscuye; ni para bien, ni para mal.

P.- Este es un pueblo de unos 15.000 habitantes que cuenta con cerca de 400 hoteles (la tercera "ciudad" de Francia en número de hoteles) que cada día aumentan. ¿Supongo que esos hoteles sí contribuirán?

P.- Los hoteles, los restaurantes y los comercios, están a lo suyo. No se percibe ayuda alguna por su parte. Esto solamente lo sostienen los peregrinos.

P.- Un sacerdote alemán me comentaba el pasado año en Düsseldorf que hubo un momento en que se quiso comercializar el agua de Lourdes.

P.- Ese es un comentario que, seguramente, le hizo en broma. Jamás se ha intentado comercializar un agua que, además de no ser bendita, carece de virtudes termales o propiedades específicas. El agua es y será siempre libre

y sólo tiene el valor que le otorga la fe de los peregrinos. Nunca tendrá valor alguno sin fe.

P.- Las velas, sin embargo, sí son comercializadas por ustedes.

P.- A lo largo del año se queman 700 toneladas de velas. Incluso en invierno se siguen quemando. Es uno de los humildes ingresos para afrontar gastos.

P.- En Fátima, Portugal, veo que los peregrinos recorren grandes distancias de rodillas sobre el cemento. ¿Pide Dios tanto sacrificio?

P.- En cada lugar hay una mentalidad distinta y estamos obligados a respetarla en tanto no se vaya cambiando con la inercia de los tiempos. Lo curioso es que aquí vienen muchos peregrinos portugueses y nunca he visto a ninguno haciendo esos recorridos de rodillas.

P.- ¿Por qué cuando se habla de Lourdes (o de otros lugares de peregrinación), hay gente que hace comentarios diciendo que todo esto es un montaje?

P.- Todo lo que hay aquí está a la vista. No existe ni puede existir ningún tipo de montaje. Lo que sucede es que cuando se contempla un pueblo de 15.000 habitantes con casi 400 hoteles, muchísimo restaurantes e infinidad de comercios de todo tipo, se pueden tergiversar las cosas como si lo religioso estuviese detrás de todo eso. Y, lógicamente, no es así. Los hombres de negocios han visto que podían aprovechar la riada de peregrinos y no dudaron en poner en práctica unos medios comerciales ofertando lo que aquellos necesitan, tal como sucede en todos aquellos lugares a los que las masas de gente se desplazan para conocer vivencias especiales. Lo que sucede fuera del recinto religioso ni nos afecta ni debe preocuparnos. Son dos mundos tan distintos que hacen que esos comentarios no se sos-

tengan. Son, como usted bien dice, comen-
tarios.

P.- ¿Se marchará usted pronto a Es-
paña o a otro destino?

P.- No lo sé. Yo estoy siempre a dis-
posición de mis superiores.

P.- Muchas gracias y mucha suerte,
don Teótimo. ¿Nos veremos en mi pró-
ximo viaje?

P.- Esperemos que así sea.

FIESTA EN LA CAFETERÍA DEL LICEO.

Ayer ha sido un gran día.
Qué digo... ¡Una gozada!
Porque en la cafetería,
tuvimos fiesta “rachada”

La fiesta fue organizada,
igual que un perfecto ágape.
Vibró la homenajeadá,
que es la “dueña” de Jorape.

Estaban todas las que son,
y son todas las que estaban,
gallegas que no faltaban
y otras que son de adopción.
Que hoy están integradas
con alma y con corazón.

Hemos visto a Isabel,
Pilarita y Mary Carmen;
y no faltó Maribel,
aunque lo dudé de Mamen.

Allí esta Magdalena,
muy cerca siempre de Elena;
también estaba Francisca,
con Chona alegre y traviesa.
Y nunca nos falta Merche
que de fiestas no reniega.

Pachu, siempre con Elisa,
y otras señoras muy cerca;
que aunque no tenían prisa,
ellas no entran en la fiesta.
Porque no les va el marisco
antes de “tomar” la siesta.

Cantidubi de percebes,
degustaron las señoras,
y preguntaba Mercedes:
¿cuándo traen las centollas?

Centollas y calamares,
gambas, cigalas y ostras,
quedaron “secos” los mares
a lo largo de las costas.

Ha sido grande la fiesta,
mas parecía un casorio
y uno que estaba de “coña”
quiso preparar un congrio.

Cerveza, champán y vino,
una y mil veces se brinda;
decibelios a alto ritmo,
en una fiesta con vida.
Que todas estas señoras
saben vivir día a día.

Extremeñas o andaluzas,
gallegas o castellanas;
ellas se montan las fiestas
mejor que las catalanas.
Estas con el Estatuto
no ven las cosas muy claras.
Allí estaba Mary Carmen,
aplaudida y muy querida;
allí estaba Mary Carmen,
que ayer fue la preferida.
Todas a grito brindaban,
diciendo: ¡viva Carmiña!

Ayer ha sido un gran día...

(Poema del 03.08.2006)

Premio III Concurso de Contos "Liceo de Noia"

BORISOV 61

Xosé Francisco Pais López

Era o 12 de abril de 1961, día no que a palabra "límite" deixa de ter o mesmo significado pasando a ser un termo inexacto, vacío, sen sentido; cando un home logra contemplar ao mesmo tempo o mencer en Oceanía e o solpor en América, cando pode sentirse realmente dono da terra, cando o soño da humanidade se viu por fin cumprido, un día no que o comunismo gañou outro pulso ideolóxico ao capitalismo, o segundo asalto na carreira cara as estrelas, o día no que Yuri Gagarin se converteu no primeiro home en saír ó espacio; o día no que naceu Lena.

Era una noite nubosa e fría na cidade de Borisov; as pequenas folerpas de neve producidas por contacto das nubes coas masas de aire frío caían lentamente, con gracia, deixándose levar polo vento sen rumbo fixo, para ó final reunirse no chan e formar un manto branco que tinguiría rúas, casas, coches e campos. Campos que noutro tempo foran tinguidos de vermello pola natureza e o odio do home, tempos aínda próximos que non se esquecen pero dos que non se pode falar. Entón e agora un home corría con todas as súas forzas polos campos; hai tempo cun uniforme do exército vermello empapado en sangue e unha man vendada; corría por medo, medo ao gas que o vento propagaba, ós proxectis que estoupaban demasiado preto, á escuridade, ó lume, ós avións que bombardeaban as casas, ó exército nazi e tamén ó seu propio exército, era un desertor, e a súa pena era a morte.

Chamábase Liev, tiña dezasete anos e moitos soños que a guerra truncara, estudia-

ba na Escola Central de Música de Moscú, e moitos dicían del que era o futuro Chaikovski, durante a guerra perdera o dedo índice da man esquerda. O alto mando do exército vermello considerou que podía seguir disparando, así que, desbotou mandalo á casa. Naquel momento a súa vida deixou de ter sentido, nunca máis volvería tocar, para el a perda dun dedo era como a perda da voz para un cantante, unha perna para unha bailarina ou o corazón para calquera persoa. O frío da zona conseguiu parar a gangrena, e cada vez que a ferida latexaba, imaxinábase nun concerto, a sala do teatro Bolshoi de Moscú estaba ateigada, non faltaba ninguén, as altas personalidades da vida moscovita ocupaban as primeiras filas e a orquestra sinfónica tocaba para el. Achegouse ata o piano e comezou a tocar o concerto nº 3 de Kavalevski, o mesmo que no seu debut, había xa once anos. Tocou coma nunca, coa alma, como tocan os grandes, movendo a cabeza coma un tolo, sentindo de verdade a música, como se fose a derradeira vez; entón abría os ollos, chorosos e volvía á realidade, poñía o canón do seu fusil na boca, pechaba os ollos con forza imaxinando que todo remataría rápido, deslizaba a man polo fusil, poñía o dedo no gatillo e no último momento apartábao e rompía a chorar coma o neno que era. Xa nunca máis volvería poder acariñar as teclas de marfil e ébano, nunca máis un auditorio volvería romper en aplausos cara el, nunca máis volvería disparar a ninguén.

Conseguiu escapar do camiión que o levaba a base militar de Bobruisk, saltou en mar-

cha e correu dous días cara ao norte, cando o seu corpo non puido máis desfaleceu, desorientado, esfameado, case morto, no medio dun campo de remolachas, preto de Borisov, o 12 de agosto de 1944.

Cando espertou pasaran seis días e non sabía onde se atopaba, era un pequeno cuarto onde só había a cama, unha xanela, unha cadeira, e unha foto de Lennin presidindo a habitación con mirada firme e maxestosa ao mesmo tempo, colocado sobre o vello e luxado papel estampado de flores que recubría as catro paredes. Estaba moi feble e nin sequera podía moverse, fixéranlle as curas na man e tiña un pano húmido na fronte que lle axudaba a baixar a febre. Ao pouco de esperar escoitou pasos, soaban fortes e facían resoar o vello piso de madeira, eran lentos, con moito vagar, como se viñesen pensando que dicir ou facer. Paráronse diante da porta e fíxose o silencio. A fechadura abriuse e pola porta entrou un home enorme, de máis de dous metros, ancho de ombreiros, pelo escuro despeiteado e ollos azuis, cunha mesta e tamén escura barba; levaba posto un pantalón escuro luxado, un xersei vermello de la gorda e punto tupido e unhas botas militares do exercito alemán que lle roubara a un soldado morto para cambiar polos seus zapatos furados. Ollouno dende a altura, como se fose un ser superior, sorriu deixando ver que lle faltaban dous incisivos da parte superior da boca e comenzaron a falar. Chamábase Alexandr e tiña trinta e seis anos, era o dono da casa onde estaban e capataz da fábrica de maquinaria agrícola da cidade. Atopara a Liev tirado nun campo a escasos tres kilómetros da súa casa, estaba bañado en vómitos e ouriños e decidiu axudalo. El volvía dos Urais; cando os alemáns entraron na Unión Soviética as industrias foron levadas alí para seguir producindo e que estas non caesen en mans enemigas. Rematada a guerra en Bielorrusia Alexandr volvía a casa para intentar refacer a súa vida; probablemente nunca podería, a guerra arrebatáralle unha das dúas cousas que máis quería neste mundo, a súa muller fora asasinada diante dos seus ollos

por soldados do seu propio exército que en teoría estaban alí para protexelos. Unha de tantas vítimas inocentes que se atopan no lugar equivocado no momento susto, baixas que non importan en ningún exército, simples danos colaterais polos que os dirixentes non se pronuncian. A guerra move moitos cartos e a vida dunha muller é un cero a esquerda no que ninguén repara. A outra cousa pola que se erguía cada mañán era a súa filla Irina, de apenas catro anos, que se atopaba a salvo en Novosibirsk, a beira do río Obi, a tres mil trescentos quilómetros de Borisov, nas estepas rusas, xunto cos seus avós maternos.

Alexandr vovera antes que a súa filla para tentar reconstruír a casa que fora castigada polos bombardeos, tres cuartas partes do tellado caeran, e o muro que daba ao sur estaba completamente desfeito, deixando á vista unha habitación e o salón. Podíase arranxar, era complicado pero non imposible, porén, cando este home de máis de dous metros de envergadura entrou na cociña derrubouse a chorar coma un neno pequeno ao que non deixan saír a xogar, e decidiu que a súa filla nunca máis volvería a esa casa. No intre no que entrou, a cabeza encheuselle de recordos e emocións, recordou os días felices antes da guerra nos que chegaba de traballar da fábrica e abrazaba e bicaba a súa muller que lle estaba preparando a comida, estaban tan namorados coma o primeiro día, eran noivos dende os dazaseis anos e non imaxinaban a vida sen o outro. Viviran nesa casa os momentos máis felices e tamén o máis duro, cando catro soldados rusos e un oficial borrachos entraron na casa de súpeto e dispararon a Alexandr feríndoo de gravidade. Mentres este se debatía entre a vida e a morte, violaron a súa fermosa muller sobre a mesa da cociña unha e outra vez ata que quedaron fartos e lle pegaron un tiro na cabeza deixando o seu marido por morto.

Días despois espertou na casa dun veciño que o recollera e enterrara a súa muller. O disparo entrara xusto por enriba do corazón,

sen danar ninguna vea nin arteria importante e saíra polas costas deixando unha ferida limpa. Tardou semanas en recuperarse e cando o fixo o corpo pedíalle vinganza, estaba cheo de ira. Só desexaba rematar cos que lle fixeran iso a súa muller, quería que sentisen a mesma dor que él estaba a sufrir, pero o sentido común e a súa filla impedíanllo, non podía morrer e deixala soa, era unha nena, que ía facer sen el, non quería nin imaxinar o destino que lle agardaría. Por outra banda sabía que era unha batalla perdida de antemán, el só contra un exército; el non era un heroe, só era o capataz na fábrica de tractores da cidade, nada máis, nen sequera tiña unha arma, como ía atopalos? Pasaran semanas, se cadra xa estaban mortos, fixo o máis sensato, o que todo pai debería facer, poñer a salvo o único polo que lle quedaban gañas de vivir. Non houbo xustiza para Alexandr, ningún lle devolveu á nai da súa filla, ninguén se preocupou del, nin sequera ninguén lle deu o pésame

Alexandr decidiu marchar e deixar atrás o pasado, a guerra estaba a piques de rematar. Alemaña estaba sendo devastada polos bombardeos aliados e axiña conseguirían entrar en Berlín. Era o momento de empezar unha nova vida, sen esquecer o que deixaba atrás, por suposto, sempre recordaría os ollos azuis de Lena, os seus cabelos dourados húmidos mentres se bañaba e acariñaba o seu corpo coa pastilla de xabón, o seu sorriso cando o seu marido facía algunha tolería e a vea que se lle hinchaba no pescozo cando se anoxaba porque este entraba cos zapatos de traballar ao rematar de limpar o chan, nunca máis volvería vela, pero nunca a olvidaría. Invitou a Liev a ir con el cara Novosibirsk, pero este era un desertor e se o atopaban condenarían a morte. Alexandr marchou a reencontrarse coa súa filla e o mozo decidiu ir cara Odesa. Unha vez alí quixo enrolarse nun barco mercante; acababa de cumprir dezaioito anos e de sobrevivir a unha guerra, quería ver o mundo que describían os libros. Non todo sería igual á Unión Soviética, quería ver París, Tokio, Nova Delhi, Lagos, México D.F., a Habana,

Bos Aires, Sydney... Era novo e non quería que continuasen decíndolle que facer, que dicir, que pensar. Por primeira vez sería libre para elixir. Partiu nun barco chamado Karaganda como fogoneiro, era un mercante que transportaba ferralla ata Bombay, o traballo era duro e botaba de menos tocar o piano. Resistiu ata o porto de destino, e alí co seu primeiro soldo na man abandonou para seguir pola súa conta; viu como máis de dez millóns de persoas convivían nunha mesma cidade adorando a un deus do que el nunca escoitara falar, veu o palacio de Phnon Penh e os mercados flotantes en Camboia, veu como a colonia británica de Hong Kong esperaba para erixirse como un dos centros industriais máis importantes do mundo, foi a Xapón e viviu o festival das cedeiras, de aí a Malaisia, Indonesia, Australia, Chile, Argentina, Venezuela, Xamaica, Cuba e México. Saltou a África, visitou Angola, Nixeria, Zaire e Arxelia, e alí, o catro de outubro de 1957, alzou a vista ao ceo e viu como o imperio soviético daba un xiro ideolóxico cara as estrelas. O Sputnik 1 cruzaba o ceo deixándose ver para que o mundo o contemplase coa boca aberta. Os ollos enchéronse de bagoas e un ano despois, por unha serie de casualidades forzadas, morriña da terra ou simplemente o destino, para quen crea nel, atopábase de novo ás portas de Borisov.

Pasaran doce anos de vagar polo mundo, de viaxar de polizón nas bodegas dos mercantes, de pasar días sen comer, de traballar para conseguir un billete de tren, de roubar cando era preciso; xa non era o nenño que marchaba por medo a que o matasen, era un home de mundo, falaba sete linguas diferentes, pasara noites en calabozos de todo o mundo, namorou cinco mulleres durante a súa viaxe, de todas se aproveitou e sempre marchou sen despedirse. Era tan distinto física coma psicolóxicamente. O seu pelo, que en tempos militares estaba rapado, agora chegaba ata os hombros e recollíase nunha cola, a súa cara agora lucía unha barba de semanas e unha cicatriz na meixela esquerda; froito dunha pelexa nun bar de Nova

Guinea, lucía un pendente na orella esquerda que acreditaba o seu paso polo Cabo de Hornos e tres tatuaxes que se fixera en Malaisia, Cuba e Nixeria.

Apenas recoñecía a cidade na que se atopaba, cambiara totalmente. Só algúns dos antigos edificios se mantiñan en pé, só algúns monumentos, o auditorio, uns bloques de edificios e algunhas casas resistiran a case destrución total da cidade; entre elas a casa de Alexandr, totalmente restaurada. Liev achegouse a ela, nervioso, case tremendo, non esperaba atopar ninguén coñecido, pero tiña esperanzas, o dono desa casa era coma un pai para él, debíalle a vida. Petou na porta e esperou uns segundos pero ninguén abriu, deu media volta, comenzou a caminar e a porta abriuse; xirouse de súpeto e viuna, era a muller máis fermosa que vira na vida, ollos grandes coma pratos e dunha cor verdosa que hipnotizaba ao miralos fixamente, pelo escuro e liso que de longo non chegaba aos hombros e un sorriso que podería facer perder a cabeza a calquera. O seu nome era Irina, filla de Alexandr e de Lena, tiña dezasete anos, chegara co seu pai de Novosibirsk había xa catro anos para volver establecerse en Borisov, botaron horas falando, el contáballe todo o que vivira polo mundo adiante e ela atendía case sen pestanexar gravando cada palabra das súas increíbles historias coma se fose un caderno en branco. Sucederonse as historias e por fin chegou Alexandr, estaba consumido, non era nin a sombra do seu pasado, os seus escuros cabelos agora eran brancos, os seus dous metros e pouco aparentaban ser menos pola corbatura que adoptara o seu lombo e unha forte tos froito da tuberculose acompañábalos ondequera que fose.

Case non se lembraba del, pero alegrouse de todos modos de que alguén lles fixese unha visita. Invitouno a quedar e este aceptou encantado, non tiña un sitio mellor onde ir. Pasou unha semana e Liev e Irina namoráronse, as súas miradas cruzábanse por todos os recunchos da casa, espíanse cos ollos, co-

míanse un ao outro en soños, ata que os soños se convertiron en realidade, o día no que Liev se achegou a Irina paseniñamente por detrás mentres esta estaba facendo de comer, colleuna pola cintura e bicouna con tenrura no pescozo dúas veces, xirouna moi lentamente, mirouna aos ollos e deulle un bico coma nunca antes fixera con ningunha outra; ela correspondeuno e a paixón desatouse pola casa aproveitando os intres nos que seu pai non estaba. Pasaron semanas agochando a súa relación pero ao final tódalas mentiras acaban sendo descubertas, Alexander entereouse por terceiros e enfadouse, a súa ira saía polo tellado da casa e os seus berros escoitaronse por todo o barrio, quería matar a Liev por ter tocado á súa nena, levantou o brazo para zouparlle e xusto nese intre Irina púxose no medio chorando e abrazándose ó seu mozo. Ao ver os seus ollos Alexandr quedou paralizado, eran os mesmos ollos que puxo súa nai antes de ser asasinada, estábaa facendo sufrir, negándolle o que máis quería no mundo, non podía.

Liev e Irina casaron o dez setembro de 1959 e mudáronse a unha casa preto da de seu pai, era pequena, de planta baixa, de cor vermello escuro, unha cocíña, dúas habitacións e un salón. El comenzou a traballar na fábrica da cidade baixo a atenta mirada do seu sogro e ela levaba a casa. Vivían felices no seu mundo, tódolos días cando el chegaba de traballar daban longos paseos pola vila e ao chegar á casa, Liev contaba máis historias das súas viaxes ata que quedaban a durmir abrazados.

Pasou o tempo e Irina quedou embarazada, por fin Liev ía ser pai, ter alguén que demostrara o seu paso por este mundo, alguén a quen contarlle historias, alguén a quen aprenderlle a tocar o piano ou a falar chinés, alguén para compartir todo o amor que había baixo ese teito. Oito meses e sete días máis tarde un mozo de doce anos entraba na fábrica sen alento anunciando o milagre da vida; mentres o mundo miraba ás estrelas o novo pai corría como alma que leva o diaño polos

campos de Borisov mentres as folerpas de neve se lle coaban por dentro da chaqueta furada, quería ver ó seu fillo e a súa esposa. Afundíase na neve, caía e levantábase de novo como fixera dezasete anos atrás. Chegou á casa, subiu as escaleiras a toda presa e alí atopou o seu sogro tirado no chan chorando coas mans diante da cara, houbera complicacións durante o parto e Irina non puido soportalo, as súas forzas esvaecéronse e a súa vida apagouse prematuramente, deixou coma última vontade que a súa filla se chamase coma a súa nai, Lena; e intentou gardar forzas para ver por última vez ao seu marido, pero cando este chegou xa era tarde. Lena foi un regalo traído das estrelas que saíu demasiado caro.

Liev entrou nunha depresión e comezou a beber, a pequena saía adiante grazas a seu avó que só vivía por ela e algúns veciños que lle axudaban. Seu pai tamén a quería e pasaba horas facendo o que mellor sabía, contar historias, podían pasar horas xuntos nas que ela atendía cos ollos como pratos pero sempre, antes ou despois, os seus ollos recordábanlle os de Irina e volvía beber.

Pasaron os anos e Lena medrou, o seu avó morreu de tuberculose na tarde do sete de xullo de 1970 e con nove anos quedou soa no mundo. O seu pai xa non era a mesma persoa, pasaba o día bebendo e botáballe a culpa de todos os males a súa filla. Estrañaba a súa muller, os paseos, os alumiños, as miradas. Chegaba a casa e desfogaba os seus problemas con Lena, entraba borracho na súa habitación e pegáballe, ela non entendía por que, que fixera mal?, só tiña nove anos e cargaría o resto da súa vida coa culpa da morte da súa nai. O día despois Liev sempre se acordaba da súa muller e choraba polo que acababa de facer, arrepeníase e pedíalle perdón á súa filla, bicábaa e abrazábaa pero o alcohol facía olvidar as promesas que facía.

Lena vivía nun inferno de malos tratos físicos e psicolóxicos, vivía con medo, cada vez que escoitaba os pasos de seu pai de noite tremíanlle as pernas e comezaba a cho-

rar, sabía que viña por ela e rezaba para que todo rematase pronto, que a matase dunha vez e que todo acabase para sempre, poder reunirse de novo co seu avó e coñecer a súa nai que a coidaría para sempre.

A noite do duodécimo aniversario de Lena supuxo un punto de inflexión na súa vida, seu pai acababa de perder o traballo e o aniversario da morte da súa nai acentuaba a situación, chegou borracho coma nunca, ía dun lado a outro do pasillo batendo coas paredes e cantando vellas cancións mariñeiras, entrou na habitación da súa filla e quedou a mirala, ela estaba esperta e devolvíalle a mirada cos ollos chorosos mentres se tapaba con medo coas mantas. Seu pai sentouse na cama, apestaba a alcohol, comezou a acariñarlle o pelo, a cara, os brazos, as pernas; viu os ollos da súa muller e pensou que era ela, violou a súa filla de doce anos mentras ésta berraba de dor desexando morrer e despois deulle unha paliza que a deixou inconsciente. Liev espertou o día seguinte e non daba creto do que fixera, esta vez non valía pedir disculpas, colleu unha corda, amarrouna a unha viga da cociña, subiuse a unha cadeira e decidiu poñer fin ao sufrimento de Lena, puxo a corda ao pescozo, saltou da cadeira e o cruxir dos ósos do pescozo sinalou a fin do pesadelo.

Cando Lena recobrou o coñecemento tiña decidido escapar, nunca máis volvería soportar unha situación así, recolleu as poucas pertenzas que posuía e dirixiuse á porta. Ao pasar pola cociña veu ó seu pai, non dixo nada, nin sequera se sorprendeu, ollou para el uns segundos, estaba morto pendurado da corda cos ollos abertos fitando cara ela, fechou as contras para que ninguén o vise dende fóra, volveu ollalo con ira, cuspiulle, colleu as súas pertenzas e algo de cartos, fechou a porta por fóra e tirou a chave para xamais volver; tiña decidido quería ver cos seus propios ollos o mundo que o seu querido pai lle describía cando era pequena antes de durmir, o palacio de Phnon Penh, os mercados flotantes de Camboia...

RIANXO É MEU

X. Ricardo Losada

O vello quería contarlle algo aos outros vellos cos que xogaba ás cartas no Centro Galego de Newark, pero non atopaba o momento. Así, aínda que era un consumado xogador de tute, cabrón e *subastado* sobre todo, ese día non gañaba unha partida nin vén-dolle as cartas aos rivais. Por veces poñía cara de despistado ou facía un xesto coa man e a boca de arrepentimento, como se se equivocase ao xogar un as ou un tres, mesmo xuraba, pero había tempo que o resto dos xogadores se deran conta que estaba coa cabeza en outra parte. Ata chegara a berrarlle tramposo!, nun delirio inconcibible, á súa parella de partida. Peor aínda, cometera erros de principiante tan calamitosos como arrastrar cando o único triunfo que quedaba, e que necesitaban para as dez de últimas, estaba na súa man. Eladio, o compañeiro, non o matou porque, ido como estaba, tería que irle cravar a faca a sabe Deus onde.

O fillo chegara de Europa esa mesma mañá ao aeroporto Kennedy, e agardaba que lle preguntasen algo. Non fixera unha viaxe calquera. Mandárao el un mes a gastos pagos a Rianxo, o lugar onde nacera había setenta anos e do que emigrara había cincuenta. Emigrara, pensaba aclarar, aínda que non o necesitaba. O pai tiña unha boa lancha xeiteira e el o futuro mais prometedor, traballador, serio e bo mozo, de todos os mariñeiros da ría de Arousa. E era o máis famoso, o mellor remeiro da Manuela, a traíña que gañaba todas as regatas que se celebraban desde Muros a Vigo. E, por se fora pouco, todas as mozas se afanaban por el. Era o mellor remeiro da redonda.

Tiñas que verme –dicialle ao fillo con orgullo, e batía no peito con aquela man descomunal–. Rianxo era meu.

Pero tamén, seguiría coa parte do relato que nunca lle contara a ninguén, era botado

para diante, e ambicioso. Namorara da filla do cacique da vila e, daquela, a única forma de a conquistar era converterse nun indiano rico. Emigrrou por amor, para non volver nunca. As cousas non lle foron ben e decidiu non regresar a Rianxo derrotado. Arxentina. Uruguai. Venezuela. México. Estados Unidos. Cada vez máis ao norte, pero a sorte foi esquiva paralelo arriba paralelo abaixo. Malviviou en todas partes. Casou, case con cincuenta anos, cunha moza portorriqueña á que deixou preñada nun lugar que por unha foto ninguén diría que era un barrio de Nova Iorque. O fillo deulle sorte. Ao pouco de nacer, atopou traballo nun taller mecánico en Newark e descubriu unha habilidade co motor dos coches (el que se gababa de valer só para traballar en lugares naturais como o Amazonas ou a Pampa) que o fixo protagonista, tardío pero protagonista, do gran soño americano.

Non lle deu para grandes fantasías pero si para algún que outro capricho.

Como mandar o fillo a Rianxo coa única tarefa de dicirle á xente de quen viña sendo, *Son fillo de Andrés, o dos Carrachos dos Loureiros*, e confirmar (non podía imaxinar outra cousa) que aínda era o tipo máis famoso dunha vila que, seguiría a ser a fin do mundo, non deba cambiar moito. Instruíu ao fillo na gheada e o seseo, e pediulle que volvera a Newark a contarlle con pelos e sinais, e a fonética arousán, qué lle dixeran.

E ese día volvera, e contárallo.

E agora aqueles pánfilos, concentrados en xogar ás cartas e gañar uns míseros dólares, non lle preguntaban nada. Acaso non vían que botaba por fóra? Tan pouca psicoloxía tiñan?

Tocáballe dar e repartiu de tan mal humor, que poucas cartas quedaron enriba da

mesa. Nin así lle dixeron nada. Recolléronas do chan, tamén as viradas, que daban dereito a un reparte novo, e engadíronas ás que xa tiñan.

Aquilo xa era moito. A piques de se cabrear e petar na mesa, pensou que non tiña dereito a enfadarse, ese día non, e volveu evadirse.

Recordou o fillo chegando pola mañá á terminal do aeroporto, e el recibíndoo cos brazos abertos, ansioso por saber a única verdade posible. Que aínda o recordaban en Rianxo. Que seguía a ser nunha tasca si e noutra tamén o tipo máis famoso da vila. Que, en canto dixo de quen viña sendo (meu pai é Andrés o dos Carrachos; si, home, si, diría todo o mundo, quen pode esquecer a Andrés o dos Carrachos), contáronlle as súas aventuras, o bo remeiro e o irresistible romeiro que era.

Ata imaxinou, sabía que estaba de moda en Galicia pórllle ás rúas o nome de emigrantes, como fixeran con Pinciñas e Romero, inventores da Rianxeira, que unha delas levaría o seu nome, o do mellor remeiro que nunca tivera a Manuela.

O fillo fora toda a viaxe autoconvencéndose de que debía ser franco co pai, a verdade cru e a pau seco. Sabía que o pai quería pasar os últimos anos de vida en Rianxo, que o mandara a el como os grandes xenerais mandaban avanzadas antes das batallas, e había que acabar con aquela tolería que emerxera da mente abrandada do pai desde que xubilara. Se volvía a Rianxo, que volveuse, estaba no seu dereito, pero sabendo o que había antes de saír.

Rianxo cambiou moito, papá –diríalle–. Xa non queda ningún Carracho, e dos Loureiros, só queda o nome, tiveron o detalle de llo pór a unha urbanización enorme.

E por último, para que soubese a que aterse, contárialle que un día entrou no mesón Xoubiña, o mellor e máis céntrico da vila, e veu unha foto antiga da Manuela competindo na ría. E que se emocionou ao des-

cubri-lo a el, o remeiro máis garboso da tripulación, pero que a emoción durou pouco. Preguntoulle aos clientes do bar, mozos e vellos, como se chamaban aqueles vitoriosos remeiros, e ninguén recordou nin o nome do primeiro.

Pero ao ir dicirlllo naquel inmenso aeroporto internacional que era xusto o contrario da paisaxe que o pai tiña nos ollos, mirou a cara do pai, unha expresión de felicidade moitos anos postergada, e pensou que tampouco había necesidade de ferilo de morte. Que sería mellor que o soubese por si mesmo. A noticia podía provocarlle un infarto, xa tiña o corazón delicado, e tiña dereito a morrer onde quixese.

Rianxo é teu, papá –díxolle, sabendo que nada máis había que dicir.

O pai mirouno agradecido mentres vía na pantalla da memoria o globo terráqueo que tiñan na escola de dona Concha e como un mozo gateaba, ata pórse de pé cerca de Newark, polo mapa de América. Todos aqueles duros anos, a imaxe confirmábao, pagaran a pena. Puxera como se puxera a portorriqueña, pasaría os últimos anos da súa vida no mesmo sitio onde pasara os primeiros. Agora non tiñan dúbidas. Ninguén en Rianxo lle chamaría o Yankee ou o Pampero. Chamaríalle Andrés o Carracho, o mellor remeiro que nunca tivo a Manuela. Colleu as maletas do fillo e andou cara a porta de saída do aeroporto cunha fachenda que daba a entender que non había máis que falar do tema.

Agora, recordando cheo de triunfos na man a escena do aeroporto, emocionouse. Se non o soltaba xa, se non lles dicía a aqueles incautos con que eminencia estaban xogando, acabaría chorando e ese día, sería como chorar o domingo de Guadalupe, non quería.

Agardou que xogaran todos a súa quenda. Recolleu a baza e, todo cheo, co peito en arco como un bo remeiro, mirou o compañeiro.

Rianxo é meu! –berrou, querendo cantar as corenta.

O premio Leixaprén de recoñecemento á defensa da lingua

Xosé Agrelo, Premio Leixaprén 2001



Domingo Campos

Forría o curso escolar 1999-2000 os representantes dos equipos de realización lingüística dos institutos e centros públicos integrados da ría de Muros e Noia se reunían no IES “Poeta Añón” para porfillar un premio de recoñecemento á defensa da lingua galega.


Aquela criatura aínda en vurulllos que naceu co século xa tiña pais, pero cumpría procurarlle axiña un nome. E o padriño, que por tradición secular é o que sempre o propón, resultou ser un mestre en exercicio, en Muros: Xosé Agrelo Hermo.

Cando Pilar Sanpedro nos deu conta da proposta de Xosé Agrelo escapóuseme un sorriso de autocompracencia. Os alumnos adoitan imporlle un alcume aos seus ensinantes e o que a min me impuxeran era precisamente “Leixaprén” (“Leixa”, na aforradora linguaxe daquela rapazada), que coincidía co nome proposto por Agrelo para o premio. Aquel alcume resultábame agradábel e, en comparanza con moitos outros, unha gabanza. Utilizábao como recurso para motivar o alumnado e captar a súa atención cando lle tiña que explicar a lírica medieval, unha das máis importantes líricas romances da Europa Occidental e corazón poético da idade áurea da literatura galega. Non podía, pois, desagradarme aquela proposta e o mesmo lles aconteceu aos demais pais da criatura.

O premio, xa con identidade propia, comeza a súa singradura e recae por

primeira vez en Manuel María Fernández Teixeiro, un dos poetas das “Festas Minervais” e do grupo “Brais Pinto” (Novoneira, Xohana Torres, Bernardino Graña, García-Bodaño, Franco Grande, Méndez Ferrín ...), polo seu labor combativo en defensa da lingua, ata o extremo de ter sido un dos creadores que nos escuros e tan difíciles anos da posguerra empregou tan só o idioma galego no desenvolvemento da súa importante obra literaria.

O IES “Poeta Añón”, de Outes, abrigado da nordesía pola aldea de Boel, terra nutricia que aleitou ao vate que lle dá nome ao centro, foi o organizador dos actos da entrega do primeiro Premio Leixaprén ao poeta da Terra Chá. O seu paraninfo transformouse para o evento en ateigada Aula Magna de Galeguismo cos mestres relatores de Xosé Mayo e o mesmo Manuel María. Decontino, a homenaxe a Francisco Añón perante o monumento erixido na súa lembranza o 17 de maio de 1966, verdadeira testemuña pétrea de inmorredoiro galeguismo. O recital poético dos alumnos e alumnas dos centros de primaria do Cruceiro de Roo e da Serra, so a dirección de Marisol Nieto e Amalia Pérez, xunto coa posterior disertación de Manuel Canay sobre a figura do precursor



MANUEL MARÍA FERNÁNDEZ TEIXEIRO NO ACTO DE RECEPCIÓN DO PRIMEIRO PREMIO LEIXAPRÉN



XOSÉ AGRELO NO PARANINFOR DO I.E.S. "CAMPO DE SAN ALBERTO" DURANTE A INAUGURACIÓN DAS EXPOSICIÓN DEDICADAS A DÍAZ PARDO E FABEIRO CON MOTIVO DA ENTREGA DO PREMIO LEIXAPRÉN (ANO 2002)

do Rexurdimento puxeron un brillante colofón a aquela xornada festiva.

O novo curso tróuxonos unha nova edición cun novo premiado: o mestre e escritor Xosé Agrelo Hermo, en recoñecemento ao seu labor de anos como normalizador da lingua galega.

O mestre, por regra xeral, foi un exemplo de compromiso coa comunidade na que exercía. Algúns foron recoñecidos e homenaxeados xa en vida. Outros pagaron con sancións e incluso coa morte o seu rexo compromiso social. O paso do tempo e a iniciativa de xente agradecida perpetuou a memoria doutros outorgándolles o seu nome

a rúas, prazas e centros educativos; incluso se lles ergueron estatuas. Non obstante a moitos outros, os máis, nunca lles chegou un recoñecemento público.

Ten dito Manuel Rivas, con ironía sabia ou con sabedoría irónica, que para o caso o mesmo dá, que Avilés de Taramancos e Afonso X, o Sabio, foron dos poucos escritores en lingua galega que non eran ensinantes. O primeiro foi taberneiro en Noia e Afonso exerceu de rei. Xosé Agrelo foi un mestre escritor que incidiu na contorna cun variado índice de actividades socioculturais, ata o punto de ter sido un referente nido desa academia de creadores e dinamizadores culturais que estendía e segue a estender a súa acción como ondas concéntricas e un facho visíbel que alentou esa xinea de verdadeiros artistas que se foron gañando un espazo propio no sistema literario galego.

Pero, ademais de sachar a leira infantil nun momento no que a lingua e a literatura galegas empezaban a ter un



ISAAC DÍAZ PARDO, NO CENTRO DA IMAXE, CO TERCEIRO PREMIO LEIXAPRÉN E O PERGAMIÑO ACREDITATIVO (ANO 2002)




ENTREGA DO TERCEIRO PREMIO LEIXAPRÉN. NO CENTRO DA IMAXE, XOSÉ AGRELO E DÍAZ PARDO (ANO 2002)

lugar de seu no sistema escolar con escaseza de material, Xosé Agrelo tivo o preclaro atrevemento de introducirse no mundo das axencias literarias facilitando deste xeito a creación dunha estrutura editorial na que encaixar ese corpo creativo que non deixa de medrar e medrar. A Coordinadora Leixaprén que concede a distinción soubo ver que a leira estaba ben sementada e agromaba con pulo, daí o acaído daquela decisión.

O acto de entrega do Premio tivo lugar no IES “Fontexería” de Muros. Alfonso correu co peso da organización. Sendón fixo unha brillante semblanza da figura do premiado. Alumnos do instituto do que Agrelo era director deleitáronnos cunha representación teatral. E como colofón a homenaxe á falecida escritora Belén Feliú.

Máis tarde foron tamén distinguidos co Premio Leixaprén: Isaac Díaz Pardo (2002), Irimia (2003), a Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística (2004), o portal Vieiros (2005) e a Sala NASA no ano 2006. Paralelamente e dentro dos actos de entrega da distinción rendéuselles unha homenaxe a: Manuel Fabeiro, Francisco Suárez



TARXETA DE CONVITE AOS ACTOS DE ENTREGA DO VII PREMIO LEIXAPRÉN A SALA NASA EN RIANXO (ANO 2006)

Salgado, Agustín González, María Mariño, Brea Segade e Faustino Rey Romero.

O pasado día 22 de novembro, despois de acompañalos restos mortais do compañeiro e amigo ao seu definitivo leito no cemiterio de Santa Cristina, tivo lugar no IES “Campo de San Alberto” de Noia unha xuntanza da Coordinadora Leixaprén co obxecto de dar conta da primeiras propostas de candidatos ao Premio do 2007 elaboradas polos equipos de normalización dos centros que integran a asociación. Nela estiveron: Begoña, Concha, Tina, Berta, Luís, Enrique e o que subscribe cumprindo co deber asumido. De seguro que o “Mestre Agrelo” o comprendeu e mesmo o agradeceu.



Xoán Mariño Reino

Aínda que nunca fun alumno teu, Pepe, non deixaches de exercer sobre min –e todos cantos te rodeaban– o teu amoroso maxisterio. Xa desde moi vello, cando, apenas saía da infancia caeu nas miñas mans un exemplar de *Efemérides noiesas* que ti escribiras en colaboración do teu leal amigo Manolo “Fanaraco”, libro co que descubrín a Noia como lugar con Historia e cultura propias, dando orixe ao que hoxe substancialmente son: profesor de Historia volcado no coñecemento da vila na que nacín e o seu entorno.

Aquel descubrimento levoume á admiración por ti, que se fixo máis grande cando, recién entrado na mocidade, acudín á estrea de *Pancho de Rábade* no salón da Sociedade Liceo, obra que despertou en min o amor á Terra, sentimento que se convertiu no motor de todo canto, a partir de entón, levei a cabo ata hoxe, día no que evoco, co corazón apretado, o inicio da nosa relación, en plena clandestinidade. Camaradería elemental que se foi transformando en fonda amizade, forxada no arduo labor –titánico pola túa parte– de sacar o galeguismo das catacumbas para levalo, durante toda a frenética campaña electoral do 77, na que te presentabas para senador, a tódolos currunchos da Patria e converter a esperanza inmorredoiira de Bóveda e Castelao na realidade popular que hoxe é.

Co paso dos anos a amizade foise convertendo en devoción, á cal non deixaches xamais de corresponder xenerosamente sempre que che solicitei colaboración. Comenzando polo texto que escribiches para o catálogo da Exposición de debuxos que en setembro de 1985 fixen co meu irmán Manolo, ao que seguíu a viaxe que xuntos fixemos por tódalas igrexas da comarca buscando tallas de Ferreiro para o que había de ser o meu primeiro libro, que na primavera de 1991 presentamos en Muros. Máis emotivo, por canto se trataba de acougar a dolor pola morte do inesquecible amigo de ambos, Antón Avilés, foi o prólogo que che pedín para o libro de *Homenaxe a Avilés de Taramancos* con poemas feitos polos meus

Ata sempre, vello mestre

alumnos do colexio J.Balmes, a cuxa presentación non deixaches tampouco de acudir o 18 de maio daquel inmisericorde ano de 1992. Recoñezo que abusei da túa amizade para continuar solicitándoches máis traballos que sempre entregabas con puntualidade, fose un novo prólogo para outro libro meu (*S. Ourense de Entíns. Estudio dunha parroquia rural*. Outes, 1999) ou un marabilloso texto para o catálogo da exposición de homenaxe a Arximiro Suárez que a Asociación Terra de Outes, que presido, organizou o pasado ano 2005, sen faltar a túa presenza, con discursos cargados de sabedoría, na presentación de ambos, como tampouco á do meu primeiro volume do *Patrimonio Histórico-Artístico de Outes*, no Centro Xuvenil desta localidade en 1998 nin á do libro que escribín en colaboración de Xan F. García, *Efemérides de Outes*, ao ano seguinte. Ou á charla que, de forma tremendamente divertida, deches sobre *Teatro para xoves* aos meus alumnos do I.E.S. “Campo de S. Alberto” de Noia en 1997.

Polo que me honrará sempre ter compartido contigo diversas tarefas de tipo cultural, tralas cales estaba sempre o compromiso co pobo galego, como foron, en primeiro lugar a colaboración, cargada de ilusión, con Socorro, Gloria, Manuel María, Avilés e ti mesmo, na publicación do periódico *Barbanza*, ao que seguíu o orgullo de sentarme con todos vós no banquiño da Audiencia Provincial en defensa da “Libertade de

Expresión”, cando todo o consello de redacción foi levado a xuízo, infructuosamente, por un, entón, deputado no parlamento español. Logo a participación xunto con Xerardo Agrafoxo, Pedro García e ti mesmo na mesa redonda que, para conmemorar as Letras Galegas, tivo lugar na sé da Sociedade Linceo o 14 de maio de 1999 e, de novo, con vós mesmos, tres anos despois na presentación en Lousame do libro de Xerardo Agrafoxo *Memorias do franquismo* ou na clausura, xa tamén con Neira Vilas, Aurora Marco, Clodio González, Lola Arxóns e Xepe, das IV Xornadas de Historia de Noia que aquel ano de 2003 se adicaron a Antón Avilés, sen esquecer a colaboración noutro dos teus múltiples proxectos: a revista *Alameda* que para disfrute de Noia toda ven editando o Linceo desde o ano 2000, así como no libro *Ribeiras de mar en xeito*, que baixo a túa inspiración, para conmemorar os 75 anos da mesma Sociedade, reuniu ás mellores prumas noiesas para elaborar a máis extraordinaria obra que ata agora se fixo sobre Noia. Tamén, por suposto, asistir contigo e varios centos de miles de galegos máis á manifestación en Madrid o 23 de febreiro de 2003 en protesta polo afundimento do Prestige. Pero redordarei sempre, con singular agarimo, por ser a última ocasión na que compartimos estrado, a charla conxunta que tivemos a bordo do *Barco da Memoria*, cando este arribou a Muros o 13 agosto de 2006 para referirnos ao sacrificio dos republicanos da comarca fronte á barbarie franquista.

Máis debo honrarme tamén de ter compartido contigo, a túa adorada familia e os benqueridos amigos, algúns momentos felices da túa vida, en particular aqueles nos que recibiches un merecido recoñecemento público polo teu labor docente, cultural ou de compromiso social, tal cal foi a homenaxe que a Sociedade Esteirana organizou en xaneiro de 1992 á que asistiron, non sei, quizais uns douscentos amigos, entre os



XANTAR HOMENAXE A PEPE AGRELO, TRAS A ENTREGA DA MEDALLA DE OURO POR PARTE DO CONCELLO DE MUROS

que desgraciadamente non se atopaba Antón Avilés, por encontrarse este no seu leito de morte, desde o cal non deixou de mandarche un fermosísimo e conmovedor canto ao teu exemplo de honestidade, o exemplo de quen puidendo acadar, de ter querido, os máis altos honores institucionais, mantivo non só firmemente os seus principios nacionalistas, senón tamén a súa inquebrantable fe no xénero humano e o tesón por mellorar as condicións de vida dos máis febles, en particular os máis humildes cativos de Outes, Torea e Esteiro que recibiron as túas ensinanzas e lles serviron para valerse na vida. Como non lembrar tamén o premio Leixaprén que os centros de Educación Secundaria da comarca te outorgaron o 30 de maio do 2001 polo teu esforzado labor na defensa da cultura galega e do que me sinto partícipe especialmente por formar parte do claustro do IES Fontexería que aquel ano lle tocou organizar a entrega do premio. Igualmente feliz me fixeron a exposición-homenaxe na sé da Sociedade Esteirana e a medalla de ouro que te entregou o concello de Muros en sesión solemne o día 4 de outubro de 2003, á que seguiu outro banquete multitudinario ao que non quixemos faltar Concha Allut, Lois e Lola, Xepe e Rosa, Pedro e Pili, Esperanza e máis eu, en representación dos noieses que te querían e admiraban.

Se ricos e poderosos, malvados e duros teñen que deixar pagadas ben de misas para saír do purgatorio, ten por seguro que ti tes francas as portas do paraíso con tódalas bágoas que, finalmente, choramos, os centos e centos de amigos, veciños, discípulos e as que o propio ceo verqueu sen cesar o día do teu enterro, o 22 de novembro deste, para todos nós, triste ano.



Pedro García Vidal

Avista duns tronzaadores portugueses que con xeneroso esforzo extraían táboas do duro tronco dun carballo centenario, o pai trataba de inculcar unha lección ao pequeno que agarraba da man: neno, aprende, ti sempre por arriba! O pai sabía do proveitoso que pode resultar un traballo e unha vida doados; nesepiares alicérase a felicidade para moita xente. O neno medrou, fíxose home, e podendo elixir preferiu, porén, quedarse para sempre por debaixo, a posición máis incómoda dos tronzaadores. Elixiu por fío unha vida permanentemente cos de abaixo, de cotío a carón das xentes do común e dos seus problemas. Ese home, Pepe Agrelo, noiés da freguesía de Santa Cristina, admirado incluso antes de coñecelo persoalmente, representou por iso para min o exemplo de persoa comprometida: un compromiso permanente coa terra e coa lingua, un deses homes imprescindibles para un pobo. Un espello onde outros nos miramos. Alguén ao que sen dúbida gustaría parecerse.

Pepe Agrelo foi para nós –ao igual que el de profesión ensinantes– ante todo e sobre todo un mestre, pero un ideal de mestre diferente; un mestre que a cálida palabra dun Avilés xa fatalmente enfermo dirixida ao homenaxeado amigo naquel sentido acto de 1992, define como “aquele que perfila a nosa alma no sentimento e no coñecemento das nosas propias palabras e do noso desenvolvemento histórico”. Foi Agrelo o primeiro mestre ao que escoitei falar en galego. Pero ademais unha persoa que escribía nunha lingua que para nós era só habitualmente empregada polos nosos maiores: nin a igrexa, nin a escola, nin os poderes –incluso aqueles máis insignificantes– a empregaban. Supoñía algo insólito naqueles anos finais dos sesenta. Logo, escoitando a *Candea* descubrimos que tamén en galego podía facerse teatro e naquelas obras representadas na sociedade Liceo por mozas e mozos da nosa idade, fomos tomando conciencia de compromiso co idioma.

Por aquel tempo prodúcese o primeiro achegamento físico a aquela persoa de fala desbordante e inquedanzas

O mestre

mil. Ao traveso dos anos, aínda na diferenza de idade, ese inicial achegamento foi callando nunha amizade agrandada na coincidencia de tránsito polos vieiros da cultura. Nestes últimos anos foi para min unha honra colaborar con Pepe no consello de redacción da revista *Alameda*, traballar xuntos na coordinación da edición do libro do 75 aniversario da Sociedade Liceo, ou deleitarse coa súa palabra erudita nas anuais deliberacións como xurado do premio de Historia Medieval do que el foi principal promotor desde a editorial Toxosoutos. Incluso, como persoa xenerosa que era, agasalloume facéndome partícipe do libro da súa autoría sobre a figura de *Alejandro Rodríguez Cadarso*, invitándome a escribir o limiar.

O derradeiro acto cultural no que sentamos xuntos –non podía ser doutro xeito– foi este verán na feira do libro de Noia, presentando un dos seus múltiples proxectos: *O Catastro de Ensenada. Noia e a súa xurisdición (1752)* do que el era editor. Alí tiven oportunidade de agradecer en público os seus permanentes desvelos por darnos a coñecer quen somos e onde imos, ese traballo impagable desde a dirección da editorial noiesa Toxosoutos; un esforzo encomiable que nos fornece desa necesaria “ollada ao retrovisor”, que Pepe con frecuencia refería, imprescindible para non accidentarnos, como ocorre a todos aqueles que prescindin do pasado para encarar a cegas o futuro.



O MESTRE AGRELO MOZO COS SEUS ALUMNOS NA ESCOLA DE O BOSQUE NA SERRA DE OUTES. IMAXE CEDIDA POR FOTO PEDRO (SERRA DE OUTES).

Un remuíño de ideas. Un fermento de proxectos. Múltiples as tarefas por facer. Innumerables os traballos proxectados, algúns deles case rematados, outros aínda só no maxín. A revista *Alameda* queda orfa do seu facho, da súa voz en forma de palabra de alento, da súa vitalidade e xeneroso esforzo, da súa teimosía porque esta fermosa aventura non pode rematar! que a cotío nos repetía, da súa xenerosidade e da súa bonhomía. Hoxe, desde estas páxinas da súa “Alameda”, non podemos máis que chorar a súa perda.

Nesa liña de Toxosoutos de editar aquilo co que case ninguén se atreve, podemos encadrar este fenomenal documento para a historia socioeconómica da xurisdición de Noia no século XVIII que leva por título “Catastro de Ensenada. Noia e a súa xurisdición (1752) en edición de Xosé Agrelo, obra coa que inaugura a nova colección *Anais*. Que vou dicir de Pepe Agrelo que non saibades. Presentar a Pepe Agrelo supón toda unha ousadía nesta a súa casa. Por ilo permitirme afirmar simplemente que este noiés de Santa Cristina é un deses imprescindibles no campo da Cultura, un espello onde outros nos miramos. Alguén ao que sen dúbida gustaría parecernos. Primeiro, porque Agrelo foi un mestre diferente,

un mestre que ademais de impartir clase dun xeito novo (eu non tiven a fortuna de telo entre os meus educadores, pero sei por aqueles que asistiron ás súas clases que aquilo era algo novo no xeito de aproximarse á Historia), dedicábase a facer outras cousas: teatro, contos, novela, investigación,...

Segundo, porque agora alcanzada a xubilación, é unha persoa en plena produción intelectual como nos demostra a cotío, sempre con algún proxecto en perspectiva.

Escoitabamos onte neste mesmo lugar no transcurso do acto de presentación do libro “O pescador de cana”, as palabras do autor Xohán Fuentes Castro e do escritor Ramón Caride, dúas persoas non vencelladas a Noia, referidas á editorial noiesa Toxosoutos. Se Caride catalogaba a Toxosoutos coma a principal editora galega pola variedade de áreas que abarcaba a súa vocación editorial; Xohán Fuentes, incidindo no mesmo tema poñía de manifesto a “liberdade” como a característica máis salientable; unha liberdade que conducía a publicar o que apenas ninguén publicaba. Quixera eu hoxe, como persoa si vencellada a estas terras, contradicir dalgunha maneira o refraneiro de que “ninguén é profeta na súa terra”, para sinalar a xustiza das afirmacións, xa escoitadas, por certo, noutros lugares alleos a esta vila referidas á editorial noiesa Toxosoutos. Penso que é un sentir xeral en todos aqueles noieses que dalgún xeito temos relación co mundo dos libros o recoñecemento ao enorme mérito que supón que unha editorial pequena coma Toxosoutos leve o nome de Noia e dos noieses pola Galicia toda e resto do Estado. Facéndoo ademais coa dignidade que lle outorgan a calidade e variedade de materiais editados. Poida que algúns pensen que nós non podemos ser obxectivos nas nosas apreciacións; de seguro que non o somos, nen poderíamos selo aínda que o pretendésemos, pois nunca esqueceremos que foi “nese ambiente monacal de silencio e libros” do que falaba Xohán Fuentes, no lugar do Obre, onde sentimos a emoción de tocar por vez primeira en letra impresa os nosos primeiros escritos. Pero a nosa falta de obxectividade que puidera levarnos a loubanzas esaxeradas para algúns, vai ter un bo elemento de contraste cando acudimos ás feiras do libro que se celebran por Galicia adiante e onde a caseta de Toxoutos destaca pola súa orixinalidade, pola cantidade de materias variadas acubilladas nas diversas coleccións: keltia, trivium, cuadernos cruceiro do rego, divulgación, ensino, fasquía, letra inversa, memoralia,...; e, sobre todo, polo interese e calidade do que publica. Por todo ilo, parabéns a Manolo e Agrelo, e que saiban que as xentes de Noia estamos con eles aínda que sexamos parcos en manifestalo.



Xerardo Agra Foxo

Xosé Agrelo: A cultura como compromiso, a palabra como arma de seducción

Así como hai unha Casa da Cultura, Pepe era o home da cultura.

Xoán Manuel Fernández

As informacións publicadas con motivo da súa repentina desaparición deixaron entrever a existencia dunha persoa vinculada co mundo da cultura. Así, mentres o xornal *LA VOZ DE GALICIA* afirmaba que *A morte de Agrelo priva a Barbanza dun resorte cultural*, o diario *EL CORREO GALLEGO* precisaba un pouco máis: *Morre o editor e escritor noiés* e *A NOSA TERRA* titulaba *Agrelo Hermo: Adeus a un símbolo da cultura de base*. Tamén o poeta Salvador García-Bodaño deixou constancia da irreparable perda: *Xosé Agrelo Hermo foi o gran valedor do noso patrimonio cultural como investigador e tamén pola súa creatividade*

Malia a elocuencia destes titulares, a vida deste home non pode reflectirse soamente nestas palabras trazadas coa mellor vontade para perfilar unha triste noticia. Porque a relación que Xosé Agrelo tivo co mundo da cultura, dende que era un rapaz que animaba algúns acontecementos en Santa Cristina ata que un día se mergullou no eido da edición, transformouse nunha paixón. Unha sorte de namoramento que o levou a converterse no símbolo de varias xeracións de mozos que se achegaban a un home que coa súa palabra sedutora semellaba o protagonista dunha das súas obras literarias. A súa teima cultural e o seu espírito inquieto mesmo o levaron a participar en iniciativas organizadas na súa vila polo anterior réxime, para logo desmarcarse de maneira valente, liderar outras loitas máis nobres e converterse nun home incómodo para algúns sectores da sociedade noiésa.

A súa vocación polo mundo das letras facíase visible nas conversas, sempre ateigadas de anécdotas e reflexións, onde se reflectía o seu compromiso co idioma galego e a cultura popular, a súa afección polo teatro, a admiración que sentía por Antón Chejov ou a súa debilita-

de polo vello *Rei Lear*, a obra que un día sen data pretendía representar.

Tamén, como se fose un neno culto e entusiasta, se deixaba engaiolar polos libros que tiña escritos na súa cabeza e aínda non saíran á luz. Vellos proxectos que, amparados na complicidade emocional e sentimental que lle proporcionaba a súa dona, latexaban nos seus miolos: unha novela ambientada no mosteiro de Toxosoutos, un traballo sobre o Coliseo Noela, o libro póstumo *De Pedro a Ratzinger*, unha investigación sobre o mundo do mar, outras sobre O Catastro de Ensenada nas xuris-



O DIRECTOR DE TEATRO E O ESCENARIO.
Arquivo: Suso Xogaina (XGN).



CANDO O AXITADOR CULTURAL RECIBIU O PREMIO LEIXAPRÉN EN MUROS.
Arquivo: *La Voz de Galicia*.

dicións de Muros e Boiro e, talvez, as ansiadas memorias sobre a andaina de *Candea*, o grupo de teatro que se converteu na peza fundamental dunha autobiografía que el narra con episodios inzados de humor e ironía. Tamén teimaba nun libro sobre María Mariño: *Cántico da costureira poeta*.

Este home non falaba do tempo ou do fútbol. Tampouco falaba dos cartos, da morte ou da xente porque as súas teimas eran outras. Conversaba acotío sobre os libros, as cicatrices que lle deixara o Seminario, a escola de Torea e os mitins que dera por toda Galicia cando chegaron os primeiros ventos desta democracia corrupta. O seu concepto da amizade levouno a pronunciar numerosas conferencias sobre Avilés de Taramancos e a gabar o maxisterio do cronista Manolo *O Fanaraco* e o galeguista Basilio *O Perito*.

Aínda que sempre se expresaba con paixón, as palabras abrollaban dos seus



O SÍMBOLO DO TEATRO DA RESISTENCIA CON MOTIVO DO 25 ANIVERSARIO DE CANDEA. Arquivo: *Suso Xogaina (XGN)*.

beizos con naturalidade porque, na inxenuidade que delataban os seus ollos, talvez pensaba que o segredo da vida estaba agochado nas páxinas que debullaba na enseada de Esteiro baixo a mirada atenta de Solita. Se nalgunha ocasión non se compartían as súas ideas, sempre se respectaban as súas palabras polo acougo que se respiraba ao seu carón.

Así era Agrelo: afable e comunicativo, incansable e sorprendente, coloquial e didáctico, ás veces teatral e desmesurado, sempre inquieto e optimista. Un home mergullado nunha curiosa contradición: o rostro acalorado e as mans excitadas, cando seducía contando as peripecias da súa vida, fronte a unha mirada nobre, é dicir, a vaidade inevitable dos creadores pero sen ningún síntoma de soberbia. Unha persoa que endexamais rexeitaba unha invitación para presentar un libro, colaborar na defensa dunha causa perdida ou participar nunha obra de teatro. Aínda que unha noite algúns veciños o situaron á fronte dunha lista negra, nunca se lle apreciou na súa ollada un gramo de rancor. Así era Pepe e coidamos que así o viron a maioría das persoas que estiveron preto del nalgún acontecemento salientable: unha manifestación, un mitin, unha representación de Teatro Mutis ou unha tarde gris no cemiterio de Santa Cristina.

É precisamente o director deste grupo teatral noiés –**Xoán Manuel Fernández**– quen nos axuda a realizar esta lembranza sobre o mestre desaparecido. As súas primeiras palabras, breves e entrecortadas pola emoción que o invade, son para recordar como apareceu Pepe Agrelo na súa vida:

Coñecino cando era profesor na Balmes. Daquela eu traballara con Magda nunha obra de Carlos Arniches que se titulaba “Me casó mi madre o las veleida-



O COMPAÑEIRO COLABORANDO NA PRESENTACIÓN DUN LIBRO SOBRE O FRANQUISMO EN LOUSAME. Arquivo: *EL Correo Gallego*.

des de Elena". Viume actuar e chamoume para traballar con el. Intentamos poñer en escena "Escuadra hacia la muerte" de Alfonso Sastre. Como a obra foi censurada tivemos que dar marcha atrás naquel proxecto onde tamén estaba Maxi Olariaga. Despois montou Candeia e estiven ao lado del ata que desapareceu o grupo.


Sempre foi un pracer ser dirixido por el. Con catro frases situábache na escena. Tamén era un gran actor. A súa interpretación do señor Antón en "Noite de Lobos" era memorable, pero nunca se prodigou enriba do escenario. O seu era ser director.

Malia o intento de seguir o fío da biografía de Xosé Agrelo Hermo, o director do Grupo de Teatro Mutis resalta a convivencia que existía en Candeia e define ao seu amigo a través dunha escena que tivo como protagonista á súa propia nai:

Candeia foi un mérito moi grande. Foi estraño que aquel proxecto teatral durara oito anos porque a metade dos integrantes facían política e a outra metade só facíamos teatro. Todos sabíamos isto e conviviamos sen problemas. Nunca tropezabamos en cuestións importantes aínda que as posturas ante o teatro eran completamente distintas. Pero gran parte do mérito era del, porque con Pepe era imposible discutir.

Ademais era unha persoa moi nobre. Nunha ocasión fomos as Paxareiras no Comparado. Cando baixabamos do autobús tivo unha actitude tan amable con miña nai, que ela, que só necesitaba quince segundos para captar ás persoas, dixo: "Pepe é boa persoa".

Despois salienta como o evolucionou o compromiso político de Xosé Agrelo con respecto á convivencia do




O CONFERENCIANTE NUNHA HOMENAXE AO SEU AMIGO AVILÉS DE TARAMANCOS NA SOCIEDADE LICEO. Arquivo: Suso Xogaina (XGN).

idioma galego co castelán. Unha curiosa anécdota reflicte as posturas de Xoán Manuel Fernández sobre este tema e tamén a reacción do seu compañeiro cando lle solicitou unha colaboración para a súa última representación teatral:

Aínda que era do Bloque, non era un extremista. Nunha ocasión contelle que quería recitar o poema "El embargo" de Gabriel y Galán e dixome: "O malo é que está en castelán. Significa dar un paso atrás.". Cando quince anos máis tarde lle falei de escribirme unhas liñas, na publicidade da peza de Dario Fo "No hai ladrón que por bien no venga", sorprendeume a súa reacción: "A obra será en castelán ou en galego?" Estaba a disposto a realizarme a presentación da obra cunhas palabras redactadas en castelán.

El e Solita, que eran inseparables, axudáronme moito nesta e outras obras, pero outros compañeiros de Candeia, tan admirados e queridos como Pepe, nunca colaborarian comigo se quixese representar



O MESTRE RECIBINDO UNHA HOMENAXE EN MUROS CON MOTIVO DA SÚA XUBILACIÓN NO ANO 2003.
Arquivo: Pablo Silva (EL Correo Gallego)

unha obra en castelán. Mesmo algún xa me advertira: "Axudareiche sempre, pero nunca cunha obra en castelán". Coido que Pepe evolucionou moito.

A pesar da visión que Xoán Manuel Fernández nos ofrece sobre Xosé Agrello, como un home de trato afable e talante conciliador, non debemos obviar un tema. Este home apareceu un día encabezando unha lista. Unha infame diñna xurdida a partir das denuncias que os diferentes dirixentes dos casinos de Galicia realizaron sobre as persoas que había que liquidar despois do triunfo do 23-F. Aínda que lle indicamos que *El País* e outros xornais e revistas publicaran a noxenta lista, Xoán Manuel Fernández négase a pensar que este acontecemento se producira:

Non podo imaxinar que Pepe estivera nalgunha lista dese tipo. Porque máis que político, el era un home de teatro. Non podo crer que alguén intentase facerlle dano a Pepe. El falaba moito de política,



ACOMPAÑADO A XOSÉ MOAS E CÁNDIDO PREGO, NO ANIVERSARIO DOS 75 ANOS DO LICEO, NA PRESENTACIÓN DO LIBRO EDITADO POLO LICEO "NOIA, RIBEIRAS DUN MAR ENXOITO".
Arquivo: Suso Xogaina (XGN).


pero non falaba mal de ninguén. Aínda que é certo que representaba unhas obras moi politizadas para aquela época. Como dato curioso a un dos nosos actores díxolle un día un garda civil de Noia: "Así que tú tamén andas con esos canallas de Candeia".

Nunca oín un comentario desfavorable cara á súa persoa, aínda que si, nalgunha ocasión por culpa da envexa, escotei críticas moi negativas porque as obras estaban moi radicalizadas e tiñan éxito. Pero el era un home que rexeitaba os enfrontamentos. Nunca podías enfrontarte con el. Non sei quen puido colocar a Pepe nesa lista.

Xoán Manuel Fernández tamén fala dos compromisos reivindicativos que Xosé Agrello adquirira con Candeia, pero sempre lamenta que o seu amigo deixara os escenarios polos mitins. Mesmo conta, grazas ao sucedido nunha representación na Terra de Iria, como coa chegada da democracia o director tiña na súa cabeza outras loitas máis urxentes e inaprazables:

Como eu son un apaixonado do teatro, sentín moito que se metera na política. Como o quero tanto podo dicir que se equivocou. Digo de maneira egoísta porque sufrín a desaparición de Candeia. Cando puido defender as súas denuncias políticas nun mitin, o grupo de teatro foise esmorecendo. Recordo que un día, un alumno que tivera Pepe en Esteiro díxome: "Que pena que gaste as súas enerxías na política". Eu pensaba o mesmo.

Un día, como tiña que dar un mitin pola noite, representamos "Noite de Lobos" as cinco da tarde nunha eira de Lestrove. Eran as cinco da tarde e facía



COMO DIRECTOR DA EDITORIAL TOXOSOUTOS, PRESENTANDO UN LIBRO NO COLISEO NOELA.

Arquivo: La Voz de Galicia (Simón Balvís).

un sol de xustiza. Ninguén lle dixo nada porque aqueles tempos de militancia eran así e todos comprendiamos a vitalidade e as teimas de Pepe. Noutra ocasión demos unha obra sen apenas ensaiar cunha actriz porque estivera toda a semana de mitin en mitin. Pepe dixo que nos tranquilizáramos que todo sairía ben. E saíu ben.

Cando había moita xente nas salas dicía que había que dalo todo. Había que entregarse ao público. Cando actuabamos ante poucos espectadores, como unha vez nunha taberna de Beade parecida a do “Hai que roelo”, recordo que nos dixo: “Hai que dalo todo para agradecerlle a esta xente a súa presenza”. Nunca se queixaba.

Desexamos coñecer máis anécdotas daqueles tempos de loita e compromiso. Un grupo de actores viaxando polas terras que, como dicía Pepe, “nunca pasaba o Castromil”, pero Xoán Manuel Fernández detén o discurso sobre Candeia para contarnos, ademais da impresión producida pola estarrecedora noticia, a visita que lle realizara ao amigo ferido nunha residencia hospitalaria. Unha visita que lle deixará para sempre unha cicatriz indeleble na súa memoria:

Non podo asumir que Pepe morrera hai tres días. Estiven con el no Policlínico e estaba ben. Estaba triste pero como sabiamos que se recuperaría marchei de Santiago pensando na obra que me prometera para Mutis. Díxome que se titularía “A criada do cura”. Coido que a tiña a punto de rematar. Despedírame del sen saber que era a última vez que o vía con vida. Despedínme del sen querer, marchei do seu lado coa esperanza de volver a velo canto antes. Tiña un

aspecto saudable. Estaba triste, emocionouse moito, pero eu estaba seguro de que con tempo se recuperaría. Non podo asumir a súa perda, paréceme imposible. Uns días despois fun o hospital e Solita díxome: “Non lle pidas máis o teu Deus que non hai nada que facer”. Quedei impresionado. Foi unha sensación insoportable. Esperei o milagre, pero foi imposible.

Antes de rematar a conversa, pois debe dirixir o ensaio dunha obra que lle escribiu Maxi Olariaga, comenta a reacción dun actor da súa compañía e fai unha xenerosa reflexión sobre a morte do director de Candeia. Tamén sinala a impresión que deixou o seu repentino pasamento entre os noieses:

Cando morre unha persoa importante sempre dicimos o mesmo: “Ninguén é imprescindible”. Con esta expresión talvez quereamos dicir que a vida segue para adiante. Pero, cando lle comuniqué a súa morte a unha persoa que apenas tiña trato con el, aínda que o vira algunha vez no Coliseo Noela, díxome sen dudar: “Vai ser moi difícil cubrir o seu posto”. Só o coñecía de pasada. Que quixo dicir este home? Efectivamente, ninguén é imprescindible, pero atopar unha persoa coma el é imposible. Así como hai unha Casa da Cultura, Pepe era o noso home da cultura.

Á xente impresionoulle moito a noticia. Noto as expresións de incredulidade porque Pepe irradiaba algo diferente. O pobo é moi sensible coas cousas da cultura e aprecia ás persoas que traballan por ela sen nada a cambio. Pepe nunca deixou de traballar neste campo. Estou completamente seguro que un día agradeceráselle a súa extraordinaria tarefa cultural. Coido que será pronto.

Ante a tristeza que lle produciu a morte dun dos seus mellores amigos, cisma coa realización dun proxecto teatral que sirva para homenaxealo. Unha teima que, pola forza exhibida nas súas palabras, semella realizable nun prazo prudente. Sería o esforzo do mundo do teatro cara a unha persoa sempre identificada co mundo da escena:

A miña maior ilusión sería representar un día a obra que me prometeu. Sería a homenaxe a unha persoa que, despois de tantos anos de convivencia, nunca me decepcionou. Sería a homenaxe da xente do teatro á persoa que máis fixo por este xénero en Noia, na comarca e quizais en Galicia. E a miña maior ilusión, recordalo a través da súa obra póstuma. Se non a fixo representarei outra del para lembrar a súa figura e a súa aposta polo mundo da cultura. Sería unha obra representada polos actores de Candea. Vivo estes días pensando nesta noite histórica no Coliseo Noela. É o meu soño. Farei todo o que poida para levalo a cabo. Para min sería o máximo.

Malia a urxencia coa que se redactaron estas páxinas tras o impacto recibido pola súa desaparición, tal como pretendía el cando participaba nas homenaxes que se lle realizaron no seu día a Antón Avilés de Taramancos, fuximos dos matices necrolóxicos para achegarnos aos seus aspectos máis humanos grazas ás confesións dun home de Candea. Palabras emocionadas que nos deixan a imaxe dun axitador cultural e unha mente tan inquieta que o lóstrego fatal só puido sorprendelo mentres descansaba.

A pesar da dor da familia, a angustia dun leal compañeiro e a tristeza dos seus amigos, seguro que Pepe transcendería a penosa circunstancia cunhas sinxelas palabras. Talvez nos diría que foi un mestre querido, escribiu teatro, representáronse as súas obras con éxito,



O COMUNICADOR, NUNHA DAS SÚAS ÚLTIMAS INTERVENCIÓNS PÚBLICAS, FALANDO SOBRE A SOCIEDADE ESTEIRANA.
Arquivo: Pablo Silva (EL Correo Gallego).

publicou os libros que desexaba, obtivo varios premios literarios, rendéronlle homenaxes e viviu rápido, tan rápido e decidido que aínda non tivera tempo para sucumbir á idea de mirar cara a atrás. Sabía mensaxe que debe reconfortar a todos os que o acompañaron na última viaxe coa súa bandeira.

Tal como dicía o autor de *A tempestade*, tan apreciado polos pais de Candea e Mutis, *estamos feitos da mesma materia que os soños e a nosa breve vida remata nun soño*. Axeitada reflexión para pechar estas apresuradas páxinas e retratar as inquietudes de dous homes: o mestre desaparecido e o discípulo triste. Pepe soñaba con representar un día *O rei Lear*, agora Xoán Manuel matina noutro ambicioso proxecto; unha aposta delicada, un soño convertido nun reto xeneroso porque *o que nunca se esquece, vive para sempre*.

MOTU PROPRIO

(Poema do Eterno Retorno: 21 de Novembro de 2006)

Xabier A. Olariaga

A Pepe Agrelo, In armes et litteris et in loco doloris



“Vai-se tudo, tudo volve mais umha vez,
eternamente gira a roda do ser”

Friedrich Nietzsche

“O que cada qual espera desde sempre,
tenha ou nom tenha paciência,
evidentemente é a morte”

Emil Michel Cioran

“Rebus cunctis inest quidam velut orbis”

Publius Cornelius Tacitus

Nom quero, nom, para o que eu agora estou a ser,
nem tam sequer para o que jamais serei,
mais aló do sombricho lindeiro que predestina o derradeiro suspiro,
deturpadas ou lisonjeiras evocaçons,
aniversários ocasionais, esvaídas lembranças,
e, menos ainda, interessados conventículos retrospectivos
nas ágoras impiamente reservadas às ostentosas,
mas mediocres vigararias do poder;
tam só desejo,
resolvo hoje decretar, *motu proprio*,
que a minha morte singular nom me sobreviva inutilmente,
que Ela mesma, soberana Deusa,
ansie acougar no imenso vazio cósmico,
precisamente ali onde fica, em espraiado devalar,
a mais extremada fronteira do Universo,
esse taliaco espaço adimensional que a ti já che pertence:
véjo-te além-túmulo, Mestre, qual translúcido *deus ex machina*,
descendendo *sine fine* sobre o brutal desenlace
do teu incessante drama no teatro do mundo,
esse imaginário, mas acendrado Império do Tempo
que se consumará, *ad infinitum*, engendrando teimosamente
a interminável espiral que anela desembocar
no majestoso cenário que desde hoje protagonizas,
extraditado na luz perpétua,
arroubado polo inextinguível mito do Eterno Retorno

Xosé Agrelo: Da estirpe prometeica

Eva Veiga

Inconsolable. Absolutamente abraiante esta presenza inatinxible, esta ausencia que pesa como se a paisaxe fose un vértigo que con el nos arrastra.

Imposible deter o teu andar sobre a nosa mágoa, como un bálsamo que se desexa malia que doe en todo o corpo.

Incrible o que só por forza ten de ser asumido. Por forza da imprevisible fatalidade que nos deixa sen ti tan orfos.

Mais, non sen ti, senón contigo e sós.

Porque es, Pepe Agrelo, da Estirpe Prometeica, e xa veñen medrando, e sempre abrollando en inextinguible recreación, as sementes de luz que xenerosa e solidariamente fuches esparexendo, coa naturalidade e a alegría de quen agasalla un don inesgotable, porén excepcional. Porque inacabables e insólitos foron en ti os dons da amizade sensible, da intelixencia actuante, da lucidez creativa, da fonda e cordial comprensión... No amplo sentido da palabra, un home bo.

A primeira vez que falamos –foi tomando un viño no Alborés de Noia–, escoiteiche dicir: “E preguntéilles aos meus alumnos, vós sabedes quen é Prometeo?”

E eu dígoche agora, Pepe Agrelo: Pois claro que o sabían, pero o que non sabían era que antes houbo outro –o fundador– que se chamaba así.

Por iso, entre outras razóns, vives xa no porvir daquilo que de mellor ten o noso corazón.

Carta a Pepe Agrelo

Manolo Caamaño

Querido Pepe:

Cando baixo a enxurrada da chuvia inclemente estivemos moitas xentes da comarca noíesa e muradá, e doutros lugares de Galicia, a darche o derradeiro adeus no cemiterio da túa parroquia nativa de Santa Cristina de Barro, na miña memoria arremuíñáronse vivencias de cando, ao longo dos anos, nos víamos circunstancialmente e nos transmitíamos informacións e opinións da marcha dos compromisos e de moitos dos anxeios e ilusións que compartíamos. Fíxenme o propósito esa tarde de Santos de dirixirche unhas liñas. Dentro da emoción sentida polo teu prematuro e imprevisto falecemento, e aí van, xa que logo, unha ristra de recordos de momentos vividos a carón teu.

Nestes íntres en que me poño a escribir, lembro antes de nada as décadas dos anos 60 e 70 en que uns poucos mozos e mozas procedentes das xeracións galegas de posguerra andabamos, ás atoutiñadas moitas veces, a descubrir con ilusión xuvenil a Galicia oculta e, tamén ilusionadamente, a facer de guerrilleiros da cultura, co enxeio de despertar conciencias que estaban ben anestesiadas polo réxime franquista imperante. Recordo con saudade, dentro daqueles primeiros traballos concienciadores, a creación da túa man, no 1973, do primeiro grupo teatral – o primeiro, porque máis adiante fundaríase e dirixiríase outros dous ou tres máis – que levaba sen complexos o nome de Noía por Galicia adiante: *Candea*, aquel magnífico grupo que naqueles tempos de estremada pobreza cultural levou a súa mensaxe aleccionadora e reivindicativa por moitos lugares da nosa xeografía, con pezas teatrais como *Pancho de Rábade*, *O mestre*, *Metá e metá* ou *Noite de lobos*, a maioría delas da túa autoría. Téñoche que confesar que por esa época o colectivo teatral que dirixías tiña a consideracións non ámbitos culturais nacionalista ou galeguistas nos que me movía, de ser o máis rompedor, comprometido e concienciador dos moitos grupos que actuaban con xenerosidade sen límites polos escearios da patria colonizada. Nin Teatro Círculo, nin Cantigas e Agarimos, nin Keizan, Hístrion 79 ou o Grupo Teatral O Facho, entre outros, ousaban programar algo que levara cabo de sí tanta pedagogía e que, con acerto, incidía nun público famento e gratamente sorprendido. Lembrarás que en A Coruña –onde nos demos unha aperta emocionada pois había tempo que non nos víamos–, primeiro no barrio de Labañou e logo nunha parroquia da Agra do Orzán, das poucas non domesticadas polos poderes, compartín contigo o sentimento de orgullo ao ver como algo creado na nosa vila, con poucos máis medios que o entusiasmo dun fado de mozos e mozas amantes do teatro, baixo a túa dirección mestra, podía chegar certeiraamente, como se dunha flecha ben lanzada se tratara, aos espectadores.

Tamén, ao acudir ao celeiro dos recordos, se me avivece a memoria e lembro a fonda ledicia que sentín cando o fallo do IV Concurso de contos infantís O Facho. Cun xurado no que, entre outros, estaban o académico Marino Dónega, o escritor e autor teatral con vocación moi semellante á túa, Xenaro Mariñas del Valle, ou o escritor e xornalista,

tamén coma ti, Xosé Fernández Ferreiro, dos 31 orixinais que concursaban decidíron que o presentado por Xosé Agrelo Hermo, procedente de Toreá-Muros, co título *O espantapaxaros*, era a merecedora de levar o primeiro premio. E tiveron ledicia engadida por partida dobre, xa que con esa fermosa obra infantil inaugurouse no mesmo ano a sección dominical de *La Voz de Galicia* “Contos para os nenos galegos” – sección que durou seis anos e na que viron a luz preto dun cento de contos–, ilustrados por algún dos meus fillos e, un ano máis tarde, foi publicada primorosamente en libro pola editorial Galaxia.

O fondo humanismo que levabas contigo, acompañado dunha bonhomía e cordialidade envexables, resaltaba por onde queiras que foras ou estiveras. Cando no ano 1994 publicastes o primeiro libro de narracións “Sete coitelos”, vinme honrado coa súa presentación, xunto co ilustrador López Rico, o 11 de novembro dese mesmo ano na Casa da Cultura de Noia. Ben me lembro de que na miña intervención aludín a que da súa lectura se desprendía que os tempos de estadía no Seminario compostelán non che resultaran frustrantes, e que máis ben daba a sensación de que os recordabas con nostalgia. De certo así debeu ser, xa que na homilía pronunciada por un dos oficiantes no funeral da igrexa parroquial de San Martiño, crego que te debía coñecer e estimar moito, e que me pareceu sincero, salientou da túa xurdía personalidade a formación humanística que, coídaba el, che resultara proveitosa naquel centro. Poída que así fora; o que sí é certo e que endexamáis escoítei de ti facer a máis mínima crítica a aqueles tempos formativos, a pesares da dura disciplina na que se vivía daquela.

Ese fondo humanismo que sempre che acompañou na túa fecunda traxectoria vital, levouche a un compromiso constante coas causas nobles –aínda que en moitas ocasións ese compromiso fora incomprendido polos teus paisanos máis próximos–, e a loitar arreo polo desentangarañamento das eivas que leva enriba de si esta patria nosa que nos dou o ser. Dende a militancia política dos primeiros tempos no nacionalismo de esquerdas, no que persistiches coherentemente ata a túa morte– aínda cos numerosos avatares polos que tívuches que pasar nela–, ata a militancia cultural, sempre te mantiñeches en primeira liña coa honestidade que sempre che caracterizou. Nos tempos duros e arriscados do franquismo, a túa militancia política levouche a exercer, elixido democraticamente, como concellal no concello de Muros e a participar, sen acougo, no traballo concienciador coas xentes máis próximas. Tendo en conta o labor que como cidadán desenvolvías entre a sociedade civil, e o maxisterio que como ensinante con pedagogía liberadora e inculcadora no alumnado de principios que fagan do ser humano unha persoa digna e consciente dos dereitos e deberes que o acompañan como tal, o concello muradán acordou concederche, nada menos, a Medalla de Ouro da municipalidade.

Nos tempos desta democracia chea de carencias, en casos pouco ilusionante, o teu labourar arreo foi, como sempre fora, permanente nos eidos do ensino e da cultura, como creador e director teatral –non podo deixar de mencionar o gozo que sentín coa representación no Liceo de *Os vellos non deben de namorarse* hai poucos anos, nunha adaptación e dirección túas, e que, como che dixeran, das representacións varias que víra da obra de Castelao, foi esa a que máis me gustou–, narrador, investigador, dinamizador cultural e, agora que se vai iniciar o ciclo do ano 2007 dedicado á nosa poetisa María Mariño, descóbrese que tamén poeta, sen renunciar á túa militancia política no lugar de sempre. Ven a conto o caso que me contou un común amigo o mesmo día da túa marcha deste mundo, dentro do sentimento que a ambos nos embargaba. Decíame que

cando nunha ocasión sufriu un roubo traumático na súa casa asentada nas terras esteirás, diante do dilema que se lle presentou de ter que denunciar aos autores descubertos do roubo, decidiu falar contigo, para coñecer a túa opinión verbo do caso. Decidiches falar cos autores do delito, xa que foran ou eran alumnos teus, e a versión que me deu este amigo da túa intervención amosa ben ás claras a túa autoridade moral e o rol que xogabas como mestre sabio e convincente na que desenvolvías o teu maxisterio.

Teño que confesarte, agora que xa non estás fisicamente entre nós, que a túa traxectoria vital de compromiso e labourar arreo por Galicia gozaba de prestixio en instancias que sobardaban o ámbito comarcal no que te movías máis a gusto. Na meticulosa selección e laboriosas deliberacións que cada ano vimos tendo na Fundación do Pedrón de Ouro para a concesión dos seus galardóns, o teu nome veu aparecendo en postos sobranceiros dende o 2003, tendo en conta que o teu curriculum tiña un contido que se prestaba a ser merecedor dun galardón a nivel de todo o país, galardón que recoñecera o teu importante traballo por el, e que posiblemente teñas recibido un destes anos.

Tenme admirado a túa preocupación por recuperar feitos da nosa historia noíesa, dende aquel lonxano libro *Efemérides noyesas*, por certo realizado, xunto con outros traballos, co teu inseparable compañeiro Manolo Hermida, inseparable sobre todo nas tarefas investigadoras e na exhumación de documentos para a reconstrución do devalar histórico da nosa vila –compañeiro desaparecido coma ti prematuramente co significado de ser ambas perdas notorias para a colectividade–. Moitas páxinas ocultas do acontecer da vida tan rica da historia de Noía terían permanecido no esquecemento, de non ser pola clara conciencia que ti e máis el tiñades, á par do gran amor por Noía, de que só coa reconstrución da historia local será posible lograr a de comunidades máis amplas, como é neste caso a do país galego. Ben acaídas resultan a este respecto estas palabras do culto intelectual rianxeiro Rafael Dieste cando dí “O popular é local, e o local é universal; cando os pobos perden o local, trivialízanse”.


Escritor, conferenciante, político, educador, investigador, animador cultural e doutros mesteres, galego de ben por riba de todo. Eis algunhas das notas máis distintivas da túa rexa e pluriforme personalidade, que nos deixa unha obra e unha conduta exemplar. Por se non abondara, a túa xubilación hai uns poucos anos permíteuche adquirir o compromiso de dirixir a editorial “Toxosoutos” que, como noiés e galego, me fai sentir orgullo polo seu bo quefacer, e foi precisamente no desempeño dese traballo activo e fecundo cando che chegou o aviso que definitivamente daría remate ao ciclo vital que foi un paradigma de entrega aos demais. Podes estar seguro, querido e lembrado Pepe, de que a semente que no decorrer da túa vida fuches derramando a mancheas, non caerá en terra erma. Non teño dúbida de que o teu exemplo de servíicio constante ao país, e a túa loita pola dignificación das súas xentes, non quedará no esquecemento. Solita, os vosos fillos e os netos, terán que ser testemuñas delo.

Despídome, logo de riscar estas apresuradas liñas ás que me comprometín no camposanto diante do amigo Pedro García Vidal, compañeiro teu de redacción de “Alameda”, publicación na que mellor que en ningún outro sitio desexo poídan ver a luz, pois, ademais de que me admira e agrada enormemente o seu contido e os temas que trae, sei que era para tí algo que acariñabas e na que dabas a coñecemento público moitos dos temas que gardan relación con Noía e comarca. Recíbe unha longa e forte aperta do teu vello amigo.

A Coruña, 14 de decembro de 2006

Os nosos libros

Xerardo AgraFoxo



Fernando López Castellano

Clodio González López

Román Martínez de Montaos, un facendista galego do século XIX


Editorial Toxosoutos / 23x15 cm. / 112 páxinas

Un dos asinantes desta obra é o recoñecido historiador e etnógrafo galego Clodio González Pérez, mestre no Colexio Público de Urdilde (Roís), membro do Padroado do Museo do Pobo Galego e autor, entre outros, dos libros *La iglesia y el cementerio de Santa María A Nova* (1999) e *Os cruceiros* (2003). O outro autor, Fernando López Castellano, é profesor de Historia das Ideas e Análise Económica na Universidade de Granada.

A presente investigación pretende rescatar do esquecemento a un dos máis salientables expertos nas finanzas e representante do liberalismo progresista, Ramón Martínez de Montaos, que nacera no Porto do Son no ano 1776.

Outro obxectivo dos autores deste libro é recuperar para a historia de Galicia a este ilustre personaxe que, antes de morrer en Vigo no ano 1856, fora deputado pola provincia de Pontevedra durante a lexislatura de 1841-1842.

A obra conta cun interesante limiar sobre aquela época, numerosos documentos e unha abundante bibliografía que axudan a comprender a importancia deste importante funcionario do Ministerio de Facenda.



Varios autores

Voces na guerra

Biblioteca Barbantia / 18x12 cm. / 193 páxinas

O libro conta cun conmovedor limiar da poeta Eva Veiga e dezoito relatos breves escritos por autores da comarca do Barbanza para conmemorar neste 2006 o Ano da Memoria. Tamén ten unhas magníficas e oportunas ilustracións realizadas polo pintor F. Blanco Alcaide.

A obra, coordinada pola profesora Lola Arxóns e o escritor Antón Riveiro Coello, pertence ao conxunto de publicacións que está desenvolver a Asociación Cultural Barbantia dende a súa creación. Neste caso saíu á luz grazas á colaboración da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Boiro

Entre os autores destes contos, ambientados todos eles nas dramáticas consecuencias da guerra civil, están os escritores noieses Ramón Carredano, Agustín Agra, Xerardo AgraFoxo, Maxi Olariaga e Xosé Agra-lo, falecido uns días despois da presentación do libro en Boiro.

Ademais dun relato de Riveiro Coello tamén están os asinados por Fernando Lavandeira, Xesús Costa Rodil, Xosé Plácido Betanzos, Xabier López Marqués, Carlos Mosteiro, Antonio Piñeiro, Ricardo Losada, Francisco Vidal e o debutante Antón Rodríguez Gallardo.

Merecen destacarse pola súa consistencia os relatos publicados polas mozas Iria Xestoso (*Ausencias*), María Loureiro Piñeiro (*Cartas na guerra*) e Ana Redondo (*Amor en combate*). Tres voces con nome propio dentro das promesas da literatura galega,